



3

O SUBSECTOR AGROGANDEIRO




- 3.1. INTRODUCCIÓN E PANORAMA XERAL**
- 3.2. PRODUCCIÓN AGROGANDEIRA**
- 3.3. PREZOS AGRARIOS**
- 3.4. AGROINDUSTRIA**
- 3.5. COMERCIO EXTERIOR**
- 3.6. O SUBSECTOR AGROGANDEIRO NO CONTEXTO EUROPEO**



3.1

INTRODUCCIÓN E PANORAMA XERAL



O estudo do subsector agrogandeiro está dividido en catro grandes apartados. O primeiro está dedicado á análise da produción agrogandeira, e analiza tanto a evolución das principais macromagnitudes agrarias, como as actividades agrícolas e gandeiras consideradas por separado. A principal fonte estatística empregada para esta análise é o *Anuario de Estadística Agraria*, da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

En segundo lugar, tendo en consideración a información recollida nos *Boletíns Mensuais de Estadística* do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación e no *Anuario de Estadística Agraria 2000* (Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural) a análise céntrase no estudo dos prezos agrarios. En concreto, este apartado presenta a evolución dos prezos percibidos e pagados polos agricultores, así como a evolución dos prezos dos produtos agrícolas e a evolución dos prezos da terra.

Posteriormente analízase a situación das empresas da industria agroalimentaria tanto dende o punto de vista das características das

empresas segundo o seu tamaño, como atendendo ás principais variables económicas e empresariais. Para a realización deste terceiro apartado teranse en conta os datos recollidos na *táboa input-output 1998* e nas *Contas económicas de Galicia, serie 1995-2000*, ámbalas dúas presentadas polo IGE, así como no *Directorio Central de Empresas* e na *Encuesta Industrial de Empresas* do INE e mailos datos de Ardán.

Finalmente, considérase a análise do sector exterior, tendo en conta tanto o tratamento que se fai na táboa *input-output* de Galicia, que considera tódolos fluxos exteriores independentemente de que teñan o seu destino ou orixe no resto do Estado, na UE ou o resto do mundo, como o tratamento que fai o ICEX, que considera como fluxos comerciais todos aqueles bens e servizos que entran ou saen de España.

Como punto de partida á análise do subsector agrogandeiro cómpre salientar que a **producción** da economía galega, no período comprendido entre os anos 1995 e 2001, experimentou unha taxa media de crecemento do 2,3%, oito décimas menos que á rexistrada polo conxunto da econo-

3.1.

Contribucións sectoriais ó crecemento do VEBpb 1995-2001

	Galicia				España			
	Participación no VEB 1995	Taxa de variación	Contribución sectorial ó crecemento		Participación no VEB 1995	Taxa de variación	Contribución sectorial ó crecemento	
			(1)	(%)			(1)	(%)
Agricultura, gandeiría e pesca	8,1	-6,3	-0,5	-3,2	4,4	14,8	0,7	3,0
Industria (incluída enerxía e construción)	30,3	23,0	7,0	43,2	29,6	24,8	7,3	33,5
Enerxía	6,2	24,2	1,5	9,3	3,9	21,7	0,8	3,9
Industria	15,4	22,9	3,5	21,8	18,1	22,6	4,1	18,7
Construción	8,7	22,3	1,9	12,1	7,5	31,7	2,4	10,9
Actividades de los servicios	61,6	15,7	9,7	60,2	66,0	21,1	13,9	63,5
Servicios de mercado	46,3	17,1	7,9	49,1	51,2	22,6	11,6	52,7
Servicios de no mercado	15,3	11,7	1,8	11,1	14,8	16,0	2,4	10,8
Total	100	16,1	16,1	100	100	21,9	21,9	100

(1) (participación sectorial no VEB real 1995) x (taxa de variación do VEB 1995-2001) x 100
Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Contabilidad Regional de España

3.2.

Contribucións sectoriais ó crecemento do VEBpc 1995-2001

			Agricultura	Industria	Construcción	Servicios	Total
Galicia							
Productividade aparente do traballo		(en miles de €)					
	1995		7,6	34,7	20,9	31,9	24,7
	2001		11,4	30,5	19,4	29,8	25,9
Proporción da poboación empregada		(%)					
	1995		9,0	5,2	3,5	16,2	33,9
	2001		5,8	7,6	4,8	20,8	38,9
PTA x PPE		(en €)					
	1995		682,7	1.806,9	732,8	5.167,2	8.389,6
	2001		661,5	2.302,3	926,5	6.182,3	10.072,6
Contribución ó VEBpc		(en €)					
	1995-2001		-21,3	495,5	193,7	1.015,1	1.683,0
	1995-2001	(%)	-1,3	29,4	11,5	60,3	100
España							
Productividade aparente do traballo		(en miles de €)					
	1995		16,8	36,2	26,7	36,5	33,8
	2001		21,0	36,0	22,7	34,1	32,3
Proporción da poboación empregada		(%)					
	1995		2,7	6,4	3,0	18,9	30,9
	2001		2,5	7,7	4,5	24,1	38,8
PTA x PPE		(en €)					
	1995		460,5	2.302,1	787,8	6.888,3	10.438,7
	2001		520,3	2.773,1	1.021,0	8.207,8	12.522,3
Contribución ó VEBpc		(en €)					
	1995-2001		59,9	471,0	233,2	1.319,6	2.083,5
	1995-2001	(%)	2,9	22,6	11,2	63,3	100

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Contabilidad Regional de España e Encuesta de Población Activa

mía española. Pola contra, neses sete anos, o sector primario galego, a diferenza do acontecido en España, experimentou unha contracción, cunha taxa de variación porcentual media anual de -0,9% (2,1% en España).

Tal e como reflicte o **cadro 3.3.**, neses sete anos, a participación do sector primario (incluíndo o forestal e a pesca) no VEB a prezos básicos agregado descendeu en 1,5 puntos porcentuais, pasando do 8,1% de 1995 ó 6,6% do ano 2001.

No conxunto do Estado este descenso é de dúas décimas, pasando do 4,4% de 1995 ó 4,2% do ano 2001.

Tendo en conta a contracción experimentada polo sector primario galego, a súa achega ó crecemento do output agregado foi negativa. Se o valor engadido bruto real a prezos básicos do resto dos sectores económicos permanecera constante, a produción da economía galega entre 1995 e 2001 rexistraría unha caída do 3,2%. Pola

Factores explicativos da evolución do peso sectorial no VEB real e da renda nominal por emprego

	Agricultura	Industria	Construcción	Servicios	Total
Emprego sector / Emprego total					
Galicia 1995	26,5	15,3	10,4	47,8	100
Galicia 2001	14,9	19,4	12,3	53,4	100
España 1995	8,8	20,6	9,5	61,0	100
España 2001	6,4	19,9	11,6	62,1	100
Productividade aparente sector / P. total					
Galicia 1995	30,7	140,3	84,3	128,8	100
Galicia 2001	44,1	117,6	75,0	114,9	100
España 1995	49,9	107,2	79,1	108,1	100
España 2001	65,0	111,5	70,3	105,5	100
VEB real do sector / VEB real total					
Galicia 1995	8,1	21,5	8,7	61,6	100
Galicia 2001	6,6	22,8	9,2	61,4	100
España 1995	4,4	22,1	7,5	66,0	100
España 2001	4,2	22,1	8,2	65,5	100
VEBn por emprego sector / VEBn por emprego total					
Galicia 1995	30,7	140,3	84,3	128,8	100
Galicia 2001	40,0	106,7	79,9	118,9	100
España 1995	49,9	107,2	79,1	108,1	100
España 2001	53,6	102,1	75,5	108,7	100

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, *Contabilidad Regional de España e Encuesta de Población Activa*


contra, no mesmo período de tempo, a contribución do sector primario ó output agregado no conxunto do Estado foi positiva: o 3,0% (**cadro 3.1.**).

No concernente ós outros sectores productivos, o devandito **cadro 3.1.** reflicte que o 60,2% do crecemento económico de Galicia foi aportado polo sector servicios, mentres que o sector industrial aportou o 21,8%, a construción o 12,1% e o sector enerxético un 9,3%. No conxunto do Estado, estas porcentaxes foron do 63,5% no caso do sector servicios, do 18,7% no caso da industria, e do 10,9% e 3,9% no que se refire á construción e ó sector enerxético.

O número de ocupados no sector primario descendeu en torno ás noventa e cinco mil persoas nos sete anos considerados, pasando dos 253,7 miles de ocupados de 1995 ás 158,4 miles de persoas do ano 2001 (fonte EPA, metodoloxía 2002). Atendendo ó seu peso relativo no total da ocupación galega, este descende en case 12 puntos porcentuais, pasando do 26,5% de 1995 ó 14,9% do ano 2001. En España, estas porcentaxes foron do 8,8% e o 6,4%, respectivamente.

O diferencial existente entre a importancia

relativa da ocupación e da produción agraria no total galego reflicte a baixa productividade aparente do traballo agrario en relación ós niveis de eficiencia na asignación do traballo no resto dos sectores productivos. Tendo en consideración ós datos do **cadro 3.3.**, a redución da importancia relativa do output agrario (1,5 puntos menos) débese a que a caída do peso relativo do emprego agrario non se veu compensada pola mellora da productividade relativa do sector agraria, que no ano 2001 se sitúa no 44,1% (13,4 puntos máis que no ano 1995). ■



3.2

PRODUCCIÓN AGROGANDEIRA



Este apartado presenta en primeiro lugar os datos das principais macromagnitudes agrarias que permiten calcular a evolución do valor engadido bruto a custo de factores ou renda agraria galega. Posteriormente, estúdanse, por separado, unha serie de indicadores que definen as actividades agrícola e gandeira.

Producción agraria

O **cadro 3.4.** sintetiza as principais macromagnitudes que permiten calcular a contía da renda agraria nos anos 1995 e 1999 en Galicia. A **producción total agraria** galega no período 1995-99 rexistrou unha medra do 12,2% para acadalos 2.594,4 millóns de euros no ano 1999, dos que 789,6 millóns de euros (un 25,4% máis que en 1995) corresponden ó reemprego no sector e 1.804,8 millóns de euros (un 7,2% máis) á produción final agraria.

Atendendo á contribución dos diferentes subsectores á **producción final agraria** (PFA), o devandito **cadro 3.4.** reflicte o predominio do subsector gandeiro, que representa o 55,8% da PFA galega no ano 1999, fronte ó 24,8% do sub-

sector agrícola. Comparado co ano 1995, a achega do subsector agrícola á produción final agraria medrou un 1,3% fronte ó 4,8% do subsector gandeiro.

No período considerado, rexístrase un descenso da vocación comercial do subsector agro-gandeiro e forestal (que mide o nivel de integración do sector no seu entorno), pasando dos 72,8% ó 69,6% do ano 1999. No caso do subsector agrícola, a relación PFA/PTA, foi do 43,6% en 1999 (49,5% no ano 1995), moi lonxe da porcentaxe rexistrada polo subsector gandeiro, co 84,1% (85,1% no ano 1995).

Se considerámo-la evolución da renda agraria nas diferentes comunidades autónomas, o **cadro 3.5.** reflicte que esta descende en seis comunidades autónomas, sendo a galega a que rexistra o segundo maior descenso tralo rexistrado por Baleares. Tomando como referencia o ano 1996 (1996 = 100), o valor da renda agraria galega no ano 2000 foi do 71,1, fronte ós 103,6 de media no conxunto do Estado.

En termos absolutos, a renda agraria galega acadou os 713,0 millóns de euros no ano 2000

3.4.

Macromagnitudes agrarias 1992, 1995 e 1999

	1992	1995	1999	99/95
	(en millóns de €)			(%)
Producción total agraria	1.978,8	2.313,1	2.594,4	12,2
Reemprego no sector agrario	508,0	629,8	789,6	25,4
Producción final agraria	1.470,8	1.683,3	1.804,8	7,2
Achea subsector agrícola	360,8	441,9	447,4	1,3
Achea subsector gandeiro	861,2	961,5	1.007,8	4,8
Achea subsector forestal	186,9	222,4	271,9	22,3
Outras producións	61,9	57,5	77,6	35,0
Gastos fóra do sector	603,4	674,0	723,6	7,4
Valor engadido bruto a p.m.	867,4	1.009,3	1.081,2	7,1
Subvencións de explotación	49,6	81,0	105,8	30,7
Valor engadido bruto ó c.f.	916,9	1.090,3	1.187,0	8,9
Amortizacións	183,7	228,1	272,2	19,3
Renda agraria	733,3	862,1	914,8	6,1
	(en €)			
VEB a p.m. por ocupado	3.071,5	4.507,8	7.761,5	72,2
Renda agraria por ocupado	2.596,7	3.850,4	6.567,4	70,6

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estatística Agraria 2000

3.5.

Evolución da renda agraria 1996-2000 (1) (2)

	1996	1997	1998	1999	2000
	(en millóns de €)				
Andalucía	5.739,9	6.455,9	6.790,2	6.500,3	5.811,4
Aragón	1.129,0	989,4	988,2	799,1	878,3
Asturias	210,7	207,8	218,7	254,9	261,8
Baleares	234,6	215,7	247,7	178,8	102,1
Canarias	506,9	648,0	552,3	561,6	574,2
Cantabria	182,0	159,5	185,6	192,8	138,6
Castela A Mancha	2.190,0	1.642,5	1.714,8	1.398,2	2.357,9
Castela e León	2.489,2	2.642,4	2.542,3	2.480,3	2.696,1
Cataluña	1.516,0	1.506,3	1.375,6	1.194,9	1.882,9
Comunidade Valenciana	1.684,5	2.047,9	1.980,3	1.767,3	1.603,0
Extremadura	1.246,4	1.314,5	1.509,9	1.337,9	1.429,3
Galicia	1.002,5	882,8	855,4	900,6	713,0
Madrid	136,0	143,7	138,1	148,4	120,0
Rexión de Murcia	965,8	1.142,5	1.088,2	1.036,7	1.011,5
Navarra	393,2	358,0	435,3	428,5	523,1
País Vasco	165,5	255,2	277,2	359,1	356,4
A Rioxa	384,2	446,9	584,4	576,7	435,2
Total	20.176,3	21.059,1	21.484,0	20.115,9	20.894,6
	(en base 1996 = 100)				
Andalucía	100	112,5	118,3	113,2	101,2
Aragón	100	87,6	87,5	70,8	77,8
Asturias	100	98,6	103,8	121,0	124,2
Baleares	100	91,9	105,6	76,2	43,5
Canarias	100	127,8	108,9	110,8	113,3
Cantabria	100	87,7	102,0	106,0	76,2
Castela A Mancha	100	75,0	78,3	63,8	107,7
Castela e León	100	106,2	102,1	99,6	108,3
Cataluña	100	99,4	90,7	78,8	124,2
Comunidade Valenciana	100	121,6	117,6	104,9	95,2
Extremadura	100	105,5	121,1	107,3	114,7
Galicia	100	88,1	85,3	89,8	71,1
Madrid	100	105,7	101,6	109,1	88,2
Rexión de Murcia	100	118,3	112,7	107,3	104,7
Navarra	100	91,1	110,7	109,0	133,0
País Vasco	100	154,2	167,5	216,9	215,3
A Rioxa	100	116,3	152,1	150,1	113,3
Total	100	104,4	106,5	99,7	103,6

(1) Valores correntes en millóns de euros (Metodoloxía SEC-95)

(2) Estimacións

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación

Macromagnitudes agrarias 1995 e 1999: distribución provincial

Macromagnitudes 1999					
Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
<i>(en millóns de €)</i>					
Producción total agraria	2.594,4	833,6	893,1	347,8	519,9
Reemprego no sector agrario	789,6	251,2	362,6	58,9	117,0
Producción final agraria	1.804,8	582,4	530,5	288,9	402,9
Achea subsector agrícola	447,4	93,3	61,3	99,0	193,8
Achea subsector gandeiro	1.007,8	369,9	327,3	164,6	146,0
Achea subsector forestal	271,9	101,3	98,9	18,6	53,1
Outras producións	77,6	17,9	43,0	6,7	10,0
Gastos fóra do sector	723,6	267,2	209,1	120,6	126,6
Valor engadido bruto a p.m.	1.081,2	315,2	321,4	168,2	276,4
Subvencións de explotación	105,8	34,6	47,4	14,0	9,8
Valor engadido bruto ó c.f.	1.187,0	349,8	368,8	182,3	286,1
Amortizacións	272,2	93,6	101,0	37,9	39,7
Renda agraria	914,8	256,2	267,7	144,4	246,5
<i>(en €)</i>					
VEB a p.m. por ocupado	7.761,5	7.612,8	6.492,9	11.367,9	8.225,0
Renda agraria por ocupado	6.567,4	6.188,8	5.408,9	9.757,8	7.335,4
Macromagnitudes 1995					
Producción total agraria	2.313,0	869,9	613,0	342,5	487,6
Reemprego no sector agrario	629,8	309,8	172,8	60,1	87,1
Producción final agraria	1.683,1	560,1	440,2	282,4	400,4
Achea subsector agrícola	441,8	121,8	55,7	79,7	184,6
Achea subsector gandeiro	961,5	331,0	287,6	180,4	162,5
Achea subsector forestal	222,3	88,1	74,4	16,0	43,8
Outras producións	57,5	19,2	22,5	6,3	9,5
Gastos fóra do sector	674,0	240,6	185,2	110,3	137,9
Valor engadido bruto a p.m.	1.009,3	319,5	255,0	172,2	262,6
Subvencións de explotación	81,0	23,9	39,9	10,7	6,5
Valor engadido bruto ó c.f.	1.090,3	343,4	294,9	182,9	269,1
Amortizacións	228,2	75,1	78,9	32,5	41,7
Renda agraria	862,0	268,2	216,0	150,4	227,4
<i>(en €)</i>					
VEB a p.m. por ocupado	4.507,8				
Renda agraria por ocupado	3.849,9				
Macromagnitudes 1999/95					
<i>(%)</i>					
Producción total agraria	12,2	-4,2	45,7	1,5	6,6
Reemprego no sector agrario	25,4	-18,9	109,8	-2,0	34,3
Producción final agraria	7,2	4,0	20,5	2,3	0,6
Achea subsector agrícola	1,3	-23,4	10,1	24,2	5,0
Achea subsector gandeiro	4,8	11,7	13,8	-8,8	-10,1
Achea subsector forestal	22,3	15,0	32,9	16,2	21,3
Outras producións	35,0	-6,6	91,0	5,9	5,8
Gastos fóra do sector	7,4	11,1	12,9	9,4	-8,2
Valor engadido bruto a p.m.	7,1	-1,4	26,0	-2,3	5,2
Subvencións de explotación	30,7	44,9	18,7	31,3	50,5
Valor engadido bruto ó c.f.	8,9	1,9	25,0	-0,3	6,3
Amortizacións	19,3	24,6	28,0	16,5	-4,9
Renda agraria	6,1	-4,5	24,0	-4,0	8,4
VEB a p.m. por ocupado	72,2				
Renda agraria por ocupado	70,6				

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estatística Agraria 2000

Gastos de fóra do sector 1995 e 1999

	1995	1999	99/95
	<i>(en millóns de €)</i>		<i>(%)</i>
Sementes selectas e plantóns	38,7	27,5	-28,8
Pensos para o gando	264,3	243,5	-7,9
Fertilizantes	27,0	37,6	39,3
Emendas	1,6	1,8	18,1
Enerxía	54,8	68,7	25,4
Lubricantes	9,3	8,8	-6,2
Neumáticos	19,5	19,4	-0,3
Productos fitosanitarios	7,1	10,9	54,8
Tratamentos zosanitarios	28,8	43,5	50,8
Reparación de maquinaria	174,3	213,4	22,5
Reparación de construcións	25,9	24,6	-5,0
Outros gastos	22,7	23,8	4,6
Total	674,0	723,6	7,4

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estatística Agraria 2000

3.8.

Gastos de fóra do sector 1995 e 1999: distribución provincial

	1999				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
	(en millóns de €)				
Sementes selectas e plantóns	9,6	6,7	5,2	6,1	27,5
Pensos para o gando	96,1	49,6	49,9	47,9	243,5
Fertilizantes	15,2	9,8	4,7	7,9	37,6
Emendas	0,7	0,6	0,2	0,4	1,8
Enerxía	25,9	21,0	9,7	12,2	68,7
Lubricantes	3,6	3,9	0,1	1,2	8,8
Neumáticos	7,3	5,7	3,0	3,5	19,4
Productos fitosanitarios	4,0	2,3	2,3	2,3	10,9
Tratamentos zoonosanitarios	14,8	16,4	7,8	4,5	43,5
Reparación de maquinaria	75,7	80,2	26,5	31,1	213,4
Reparación de construcións	6,3	7,3	7,0	4,0	24,6
Outros gastos	8,2	5,8	4,2	5,6	23,8
Total	267,2	209,1	120,6	126,6	723,6

	99/95				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
	(%)				
Sementes selectas e plantóns	-29,7	-44,6	-9,0	-16,8	-28,8
Pensos para o gando	-0,5	0,3	-5,0	-27,2	-7,9
Fertilizantes	34,1	11,9	411,9	32,0	39,3
Emendas	36,0	30,6	17,2	-16,0	18,2
Enerxía	27,5	6,0	44,2	51,9	25,4
Lubricantes	-7,5	16,6	-88,3	3,3	-6,2
Neumáticos	8,6	-14,4	10,2	1,1	-0,3
Productos fitosanitarios	174,6	88,2	10,7	0,4	54,8
Tratamentos zoonosanitarios	25,6	119,3	74,6	-12,5	50,8
Reparación de maquinaria	27,5	30,1	11,8	5,0	22,5
Reparación de construcións	-19,1	-5,3	6,8	4,3	-5,0
Outros gastos	12,9	-15,5	12,8	14,5	4,6
Total	11,1	12,9	9,4	-8,2	7,4

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estadística Agraria 2000

fronte ós 20,894,6 millóns de euros en España. No ano 1996 a renda agraria foi de 1002,5 e 20.176,3 millóns de euros, respectivamente, polo que a importancia relativa da renda agraria no total estatal descende dende o 5,0% do ano 1996 ata os 3,4% de 2000.

Os gastos de fóra do sector, que son aqueles gastos xerados no proceso de produción dos distintos subsectores fóra do sector agrario, danos unha medida do avance tecnolóxico e de integración. Estes acadaron no ano 1999 (último dato dispoñible) un valor de 723,6 millóns de euros, un 7,4% máis que no ano 1995. Nos dous anos considerados, os gastos máis importantes corresponden a pensos para o gando (directamente relacionada coa gandería industrial), con 243,5 millóns de euros e 264,3 millóns de euros, e as de reparación de maquinaria, con 213,4 millóns de euros e 174,3 millóns de euros. En conxunto, o **cadro 3.7.** amosa que estes dous aspectos representan o 63,1% do total dos gastos de fóra do sector, dous puntos porcentuais menos que nos 1995.

Se ó valor da PFA restámoslle á contía dos gastos de fóra do sector, obtemos o valor engadido bruto a prezos de mercado, que rexistrou, no período considerado, unha medra do 7,4% ata acadalos 723,6 millóns de euros no ano 1999. A partir do VEBpm, se considerámo-las subvencións e restámo-las amortizacións, chegamos á **renda agraria**, que experimenta un crecemento do 6,1% respecto a 1995, ascendendo a 914,8 millóns de euros.

Se tomamos como indicador da **productividade** do sector agrario o cociente entre renda agraria e a poboación ocupada, os datos do IGE amosan que esta medrou neses anos un 70,6%. Esta medra está motivada tanto polo incremento da renda agraria (6,1%) como polo descenso da poboación ocupada (un 37,8%). No ano 1999 a renda agraria por ocupado ascendía a 6.567,4 euros, fronte ós 3.850,4 euros do ano 1995.

Atendendo á distribución provincial, Ourense é quen presenta a produtividade máis

Producción agrícola 1995 e 2000: distribución segundo produto

	1995	2000	2000/1995
	(en Tm.)	(en Tm.)	(%)
Ceraias gran			
Trigo	66.906	61.498	-8,1
Centeo	41.214	14.188	-65,6
Leguminosas Gran			
Freixón seco	16.916	2.472	-85,4
Tubérculos consumo humano			
Pataca	1.200.327	447.939	-62,7
Cultivos forraxeiros			
Millo forraxeiro	2.162.527	1.154.825	-46,6
Pradería	4.773.855	8.716.564	82,6
Hortalizas			
Tomate	39.153	11.491	-70,7
Leituga	22.355	13.780	-38,4
Pemento	19.286	13.549	-29,7
Cebola	34.918	45.169	29,4
Freixón verde	12.576	43.396	245,1
Repolo e coliflor	126.754	52.694	-58,4
Viñedo	172.663	143.626	-16,8
Leite (en miles de litros)	2.110.663	2.181.139	3,3
Carne (en Tm.)	257.677	321.448	24,7
Bovino	65.607	88.463	34,8
Ovino	396	601	51,8
Cabrín	253	196	-22,5
Porcino	75.586	94.390	24,9
Equino	153	174	13,7
Aves	110.967	132.248	19,2
Coellos	4.715	5.376	14,0
Ovos (en miles de dúcias)	74.250	61.033	-17,8
Selectos	52.867	42.070	-20,4
Campeiros	21.383	18.963	-11,3
Polos (miles de unidades)	81.207	94.836	16,8
Para posta	769	4.369	468,2
Para carne	80.438	90.466	12,5
Mel e cera (en Kg.)	1.149.060	1.396.012	21,5
Mel	1.088.740	1.342.324	23,3
Cera	60.320	53.688	-11,0
Troita Arco Iris (en Tm.)	6.061	8.112	33,9

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estatística Agraria 2000*

elevada, con 9.757,8 euros por ocupado no sector agrícola, fronte ás 7.335,4 euros de Pontevedra. As provincias de A Coruña e Lugo presentan unha produtividade do sector inferior á media galega, con 6.188,8 e 5.408,9 euros por empregado, respectivamente.

Actividade agrícola

A análise da produción agrícola parte do estudio da produción dos principais produtos da agricultura galega e a súa evolución entre os anos 1995 e 2000. Unha vez analizada esta produción agrícola galega e a súa distribución provincial, preséntanse os datos dos produtos agrícolas galegos con indicativo de calidade: viño, augardente, pataca e a agricultura ecolóxica.

Atendendo á produción dos principais produtos agrícolas, o **cadro 3.9.** amosa un descenso

case xeneralizado no período comprendido entre 1995 e 2000. Tan só rexistran unha medra na súa produción a pradería, cun crecemento do 82,6%, a cebola, cun 29,4%, e o feixón verde, co 245%.

En termos absolutos, cómpre salienta-la importancia da produción dos cultivos forraxeiros, onde a pradería acada unha produción de 8,7 millóns de toneladas (4,8 millóns no ano 1995) e o millo forraxeiro, despois dunha caída do 46,6%, acada unha produción de 1,2 millóns de toneladas fronte ás 2,2 millóns do ano 1995.

Atendendo á distribución provincial, o **cadro 3.10.** reflicte o predominio dos cultivos forraxeiros nas provincias de A Coruña, Lugo e Pontevedra, mentres que en Ourense, as producións máis importantes, en termos absolutos, son a pataca e o viñedo (neste último produto Pontevedra é o principal produtor, con 62.795

3.10.

Producción agrícola 1995 e 2000: distribución segundo produto e provincia

	2000				1995			
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	(en Tm.)							
Ceraias gran								
Trigo	13.181	10.899	36.087	1.331	29.090	30.240	5.960	1.616
Centeo	733	6.357	6.343	755	1.974	15.993	20.710	2.537
Leguminosas Gran								
Freixón seco	1.069	728	304	371	8.990	3.130	1.070	3.726
Tubérculos consumo humano								
Pataca	109.041	124.467	172.392	42.039	607.974	154.664	277.400	160.289
Cultivos forraxeiros								
Millo forraxeiro	688.835	312.255	15.969	137.766	1.087.970	634.260	168.000	272.297
Pradería	3.450.426	4.410.418	41.850	813.870	2.233.270	1.859.990	82.110	598.485
Hortalizas								
Tomate	4.774	878	638	5.201	6.164	1.122	3.340	28.527
Leituga	3.855	2.432	1.212	6.281	6.785	2.235	2.420	10.915
Pemento	5.093	657	689	7.110	4.108	876	3.675	10.627
Cebola	12.486	6.315	4.450	21.918	11.532	3.330	3.490	16.566
Freixón verde	7.567	5.327	11.848	18.654	2.550	1.673	2.769	5.584
Repolo e coliflor	16.768	12.766	7.577	15.583	55.828	11.466	8.300	51.160
Viñedo	20.979	14.194	45.658	62.795	11.356	16.968	41.730	102.609

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estatística Agraria 2000*

toneladas, fronte ás 45.658 toneladas de Ourense).

Atendendo á evolución da produción entre os anos 1995 e 2000, o devandito cadro amosa que tan só dous produtos, o feixón verde e a cebola, rexistran unha medra da súa produción nas catro provincias galegas. En termos absolutos cómpre salientar, dunha banda, a importante caída da produción do millo forraxeiro e da pataca en tódalas provincias, así como a do viñedo en Pontevedra e a da pradería en Ourense. Doutra, salienta a medra rexistrada na produción da pradería nas outras tres provincias.

En termos relativos, hai que significalo crecemento rexistrado pola produción de trigo en Ourense, que quintuplica a mesma, así como o crecemento da produción do feixón verde, que se aproxima ó 200% no caso de A Coruña e supera o 300% en Ourense.

No concernente ós **productos con indicativo de calidade** –cómpre salientalo Decreto 111/1999, do 23 de abril, polo que se derroga o Decreto 248/1983, do 15 de decembro, polo que se crea a denominación Productos Galegos de Calidade, e a Orde de 29 de outubro de 2001 pola

que se aproba o Regulamento da indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia e do seu consello regulador–, os **cadros 3.11. a 3.15.** amosan os indicadores de calidade dos produtos agrícolas (viño, augardente, pataca e a agricultura ecolóxica).

O **cadro 3.11.** reflicte a evolución dos principais datos dos cinco Consellos Reguladores da denominación de orixe dos viños galegos entre 1998 e o 2000. En conxunto, tanto o número de viticultores como o de bodegas a produción total medraron en torno ó 9% entre 1998 e o 2000, permanecendo practicamente constante a superficie inscrita.

Atendendo ás distintas denominacións de orixe, cómpre salientar, dunha banda, o descenso da produción de viño no Ribeiro (un 3,7%, pasando dos 123.334 hectolitros de 1998 ós 118.773 hectolitros de 2000) e a caída da superficie inscrita na Ribeira Sacra, cun 26,7% menos (pásase das 1.500 hectáreas de 1998 ás 1.100 hectáreas do ano 2000). Doutra, cómpre salientala medra rexistrada na produción de viño na Ribeira Sacra e en Valdeorras, con 10.013 hectolitros e 7.897 hectolitros, respectivamente, aínda que en termos relativos, a denominación de orixe

Denominacións de orixe dos viños galegos 1998-2000: principais datos

	1998	1999	2000	98/00
				(%)
Ribeira Sacra (1)				
Viticultores	1.500	1.250	2.500	66,7
Bodegas	60	65	71	18,3
Superficie inscrita (en ha)	1.500	1.000	1.100	-26,7
Producción (en hl)	12.294	23.391	22.307	81,4
Monterrei (2)				
Viticultores	450	550	499	10,9
Bodegas	4	4	9	125,0
Superficie inscrita (en ha)	500	550	580	16,0
Producción (en hl)	1.352	4.852	3.800	181,1
Rías Baixas				
Viticultores	4.674	4.453	4.748	1,6
Bodegas	143	150	152	6,3
Superficie inscrita (en ha)	1.952	2.006	2.292	17,4
Producción (en hl)	61.081	84.078	66.116	8,2
Valdeorras				
Viticultores	1.855	1.900	1.900	2,4
Bodegas	32	31	30	-6,3
Superficie inscrita (en ha)	1.269	1.300	1.300	2,4
Producción (en hl)	26.800	51.424	34.697	29,5
Ribeiro				
Viticultores	5.660	5.000	5.716	1,0
Bodegas	79	80	85	7,6
Superficie inscrita (en ha)	2.700	3.000	2.700	0,0
Producción (en hl)	123.334	100.640	118.773	-3,7
Total Galicia				
Viticultores	14.139	13.153	15.363	8,7
Bodegas	318	330	347	9,1
Superficie inscrita (en ha)	7.921	7.856	7.972	0,6
Producción (en hl)	224.861	264.384	245.693	9,3

(1) Comprende parroquias e aldeas de 17 municipios situados ó longo das ribeiras do Miño e o Sil, no sur da provincia de Lugo e o norte da provincia de Ourense. Está constituída polas subzonas seguintes:
 Subzona de Amandi: abarca as parroquias de Doade, Amandi, Lobios, Pinoi, Santiorxo, Barantes, Bolmente, Anllo (San Martiño) e Anllo (San Estevo), no concello de Sober; e Marcella, no concello de Monforte de Lemos.
 Subzona de Chantada: abarca as parroquias de Erbedeiro, Chouzón, San Xóan da Cova, Oleiros e Temes, no concello de Carballedo; Pedrafitá, Pesqueiras, San Fiz de Asma, Belesar, San Pedro de Lincora, Camporramiro, Santiago de Arriba, A Sarriña, Nogueira e Sabadelle, no concello de Chantada; Sobrecedo, Castelo, Insua, San Xulián, San Salvador, Mourelle e Xián, no concello de Taboada.
 Subzona de Quiroga-Bibeí: abarca as parroquias de Quinta do Lor, Nocedo, Quiroga (San Martiño), A Ermida, Hospital, Fisteus, Sequeiros, Bendollo, Bendilló, Montefurado, Vilanuide e o lugar de Covas da parroquia de Augasmesteas, no concello de Quiroga; Nogueira, Peites, Piñeira, Rairos, San Clodio de Ribas, Soutordei e Torbeo, no concello de Ribas de Sil; Vilachá, no concello de Pobra de Brollón; Rozabales no concello de Monforte de Lemos; Cesuris, Raigada, San Miguel de Videira, Soutipedre e Manzaneda, no concello de Manzaneda; e Barrio, Mendollo, Piñeiro e Sobrado, no concello de Pobra de Trives.

Subzona de Ribeiros do Miño: abarca as parroquias de Segán, Ribas do Miño (San Vitorio), Rebordaos, Ribas de Miño (Santo Estevo), Diomondi, Mourelas, Rosende e A Cova, no concello de O Saviñán;
 Ribeiros do Miño, Vilar de Ortelle, Atán, Pombeiro, Acedre, Espasantes, Frontón, Sios, Santiago de Cangas e o lugar de Monteiro da parroquia de Pantón, no concello de Pantón; e Rosende e Anllo (San Estevo), no concello de Sober.
 Subzona de Ribeiros do Sil: abarca as parroquias de San Lourenzo de Barxacoba, Sacardebois, Parada do Sil do Chandrexa, no concello de Parada do Sil; Cristosende, Lumearas e A Abelela, no concello de A Teixeira; Alais, Paradela, San Paio de Abelela e Santa Tegra de Abelela e Tronceda, no concello de Castro Caldelas; e Viñoas e Carballeira, no concello de Nogueira de Ramuín.

(2) Atopase o sul da provincia de Ourense, constituída polas subzoas seguintes:
 Subzona Val de Monterrei: formada polas parroquias de Castrelo do Val, Pepin e Nocedo, en Castrelo do Val; Albarellos, Infesta, Monterrei e Vilaza, no concello de Monterrei; Ombra, Rabal, O Rosal e San Cibrao, no concello de Ombra; Abades, Cabreiroá, Feces de Abaixo, Feces da Cima, Mandin, Mourazos, Pazos, Queizás, A Rasela, Tamagos, Tamaguelos, Tintores, Vilela, Verín e Vilamaior do Val, no concello de Verín;
 Subzona Ladeira de Monterrei: abrangue as parroquias de Gondulfes e Servoi, no concello de Castrelo do Val; As Chas e A Granxa, no concello de Ombra; Flariz, Medeiros, Estevesiños Mixós e Vences, no concello de Monterrei; e Queirugás, no concello de Verín.

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural
<http://www.xunta.es/conselle/ag/orixe/index.htm> (última revisión: 1-04-03)

que experimenta o maior crecemento é a de Monterrei, cunha medra do 181,1% respecto ó ano 1998 (2.448 hectolitros máis).

No ano 2000, os **cadros 3.11. e 3.12.** amosan que o Ribeiro é a denominación de orixe máis importante en canto ó número de produtores, con 5.777 produtores (37,5% do total galego), superficie inscrita, con 2.609 hectáreas (33,5%), colleita e produción, con 21.112 quilogramos (52,3%) e 11.923 miles de litros (45,5%), respectivamente.

A denominación de orixe Rías Baixas é a que ten o maior número de industrias, con 152 (43,8%), e os seus produtores e a súa superficie inscrita representa o 30,8% e 29,4%, respectivamente. Asemade, o devandito **cadro 3.12.** amosa que o principal produtor de viño tinto no ano 2000 foi Valdeorras, con 3.067 miles de litros, o que representa o 56% da súa produción e o 38,6% da produción total galega deste tipo de viño.

En relación ó agardante, o **cadro 3.13.**

3.12.

Indicadores de calidade do viño 2000

	Denominación de Orixe				
	Ribeiro (2)	Valdeorras (3)	Rías Baixas (4)	Monterrei	Ribeira Sacra
Productores	5.777	1.900	4.748	499	2.500
Industrias	83	32	152	9	71
Superficie inscrita (en Ha.)	2.609	1.316	2.292	580	1.000
Colleita (en miles de Kg.)	21.112	7.324	8.500	1.105	2.331
Branca	17.724	3.450	8.451	556	469
Tinta	3.388	3.874	49	549	1.862
Producción (en miles de litros)	11.923	5.481	5.807	718	2.261
Branco	9.416	2.414	5.774	361	269
Tinto	2.507	3.067	33	357	1.992
Viño cualificado (1) (en litros)	8.883	2.780	6.612	145	1.692
Branco	7.347	1.230	6.592	75	186
Tinto	1.536	1.550	20	70	1.506

(1) pode corresponder á produción de varios anos

(2) Atópase no oeste da provincia de Ourense, da cal forman parte os concellos de Ribadavia, Arnoia, Castrelo de Miño, Carballeda de Avia, Leiro, Cenlle, Beade, Punxín e Cortegada; as parroquias de Banga, Cabanelas e Varón do concello de Carballiño; as parroquias de Pazos, Albarellos, Laxas, Cameixas e Moldes do concello Boborás; os lugares de Santa Cruz de Arrabaldo e Untes do concello de Ourense; os lugares de Puga, Igrexa de Puga, Olivar, os pobos de Feá, Celeiro e a parroquia de Alongos do concello de Toén; os lugar de Touza do concello de San Amaro.

(3) Atópase no NE da provincia de Ourense abarcando os concellos de O Barco de Valdeorras, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín, A Rúa, Rubiá e Vilamartín de Valdeorras.

(4) Atópase nas provincias de Pontevedra e o sur da provincia de A Coruña, organizándose en cinco subzonas:

Subzona Val do Salnés: Cambados, Meaño, Sanxenxo, Ribadumia, Meis, Vilanova de Arousa, Portas, Caldas de Reis, Vialgaría de Arousa, Barro, O Grove e Illa de Arousa.

Subzona Condado de Tea: Salvaterra de Miño, As Neves, Arbo, Crecente, Salceda de Caselas e Pontearreas, así como as parroquias de Valeixe do concello de A Cañiza, no concello de A Cañiza; Guillarei, Páramos, Baldráns e Caldelas de Tui, no concello de Tui; e Louredo, no concello de Mos.

Subzona O Rosal: O Rosal, Tomiño, A Garda e as parroquias de Pexegueiro, Areas, Malvás, Ribadelouro, Rebodáns, Pazos de Reis, Randufe e Tui, no concello de Tui; Mañufe e Vilaza, no concello de Gondomar.

Subzona Soutomaior: Soutomaior.

Subzona Ribeira do Ulla: Vedra e as parroquias de Rumille, Carcacia, Iria Flavia e Herbón, no concello de Padrón; Oza, Teo, Lampai, Vaamonde, Raris, Vilarinho e Reis, no concello de Teo; Codeso, Posada, Oural, Ledesma, Donas e Sucira, no concello de Boqueixón; Bendaña, no concello de Toiro; Arnois, Couso, Cora, Oca, Santeles, Paradela, Berres, San Miguel de Castro, San Xurxo de Veá, Riberia, Riobó, Santa Cristina de Veá, Baloira e Santa Mariña de Barcala, no concello de A Estrada; Cira, no concello de Silleda; e Camanzo, Gres, Añobre, no concello de Vila de Cruces.

3.13.

Indicadores de calidade do augardente 1998-2000

	1998	1999	2000	98/00
				(%)
Productores (2)	139	136	153	10,1
Elaboradores	30	26	28	-6,7
Producción de "orujo" (en hl)	2.000	2.132	2.524	26,2
de bagazo	1.935	2.086	2.473	27,8
de bagazo envellecido	65	46	51	-21,5

Denominación específica Orujo de Galicia 2000

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Productores	3	16	30	34	83
Destiladores	4	5	9	10	28
Envellecedores	2	1	4	3	10
Embotelladores	4	7	11	10	32
Producción (en litros)	42.778	18.950	165.560	27.703	254.991
Branca	42.778	14.050	165.560	25.670	248.058
Envellecida	-	4.900	-	2.033	6.933

(1) No concernerne ó marco xeográfico, a zona de produción das augardentes de orujo protexidas "Denominación Específica Orujo de Galicia" está constituída polas cinco áreas xeográficas das denominacións de orixe do viño, así como as comarcas vitícolas de Val do Miño-Ourense, Betanzos e A Ulla, definidas na Orde do MAPA, do 6 de outubro de 1992, e a de Portomarin, que comprende os concellos de Portomarin, Taboada, Guntín, Paradelá e O Páramo.

Tamén se poderá destinar á elaboración de augardentes protexidos, os obtidos dos bagazos das uvas procedentes dos viñedos establecidos nos seguintes concellos: Boiro, Brión, Dodro, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo, Ribeira e Rois, na provincia de A Coruña; Castro Caldelas, Ríos, Vilardevós, Cualedro, Allariz, Paderne de Allariz, Taboada, A Méca, Cartelle, San Cristovo de Ceá, Maside, Amoeiro, Melón, Quintela de Leirado, Gomeñe, Padrenda, Pontedevea, Ramirás, Celanova, A Bola, Viana do Bolo e A Gudiña, na provincia de Ourense; e Bueu, Campo Lameiro, Cangas, Cuntis, O Grove, Marín, Moaña, Moraña, Pontevedra, Ponte-Caldelas, Redondela, Soutomaior, Vilaboa, Poio, Baiona, Gondomar, Mos, Nigrán, O Porriño, Vigo, O Covelo, Mondariz, Pontearreas, Pazos de Borbén, Salceda de Caselas, Silleda, Pontecesures, Valga e Catoira, na provincia de Pontevedra.

A zona de elaboración e envellecemento dos augardentes de bagazo amparadas pola Denominación Específica abarca o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

(2) Productores: produtores + destiladores + envellecedores + embotelladores

Fonte: *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estatística Agraria 2000 e* [<http://www.xunta.es/conselle/ag/orixe/orujo.htm> (última revisión: 1-04-03)]

3.14.

Indicadores de calidade da pataca 1997-2000

	1997-98	1998-99	1999-2000	
Productores	650	699	760	
Envasadores	7	7	8	
Pataca comercializada (en miles de Kg.)	3.000	3.200	4.000	
Denominación específica Pataca de Galicia 2000				
	Subzona Bergantiños (1)	Subzona Vilalba (2)	Subzona A Limia (3)	Total
Productores	20	165	311	496
Parcelas declaradas	51	341	800	1.192
Superficie (en Ha.)	15	70	639	724
Envasadores	1	3	5	9
Pataca comercializada (en miles de Kg.)	380	576	2.814	3.770

(1) Constituída polos concellos de Carballo, Coristanco, Laracha, Malpica de Bergantiños e Ponteceso.

(2) Constituída polos concellos de Cospoito, Vilalba e Xermade, así como parroquias de Aldixe, Candia, Castromaior e Moncelos no concello de Abadín.

(3) Constituída polos concellos de Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Porqueira, rairiz da Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Santos e Xinzo de Limia; e as parroquias de Coedo, Paradiña e Tomeiros do concello de Allariz; as parroquias de Atas, Cualeadro, Vilela, Lucenza, e A Xironda do concello de Cualeadro; as parroquias de Vilar de Barrio, Bóveda, San Miguel e Seiró do concello de Vilar de Barrio; e as parroquias de Sobradelo, Bobadela, Abeleda e A Graña do concello de Xunqueira de Ambia.

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estatística Agraria 2000 e [http://www.xunta.es/conselle/ag/orixe/pataca.htm (última revisión: 1-04-03)]

3.15.

Indicadores de calidade da agricultura ecolóxica 1998-2000

	1998	1999	2000
Productores	34	67	97
Superficie inscrita (en Ha.)	174	182	265
Envasadores	9	13	18
Producción			
Polos produtor		935	2.431
Ovos			4.080
Mazas (en kg)		60.079	
Kiwis (en kg)		1.800	2.100
Hortalizas (en kg)			30.838
Castaña produtor (en kg)		205.117	100.756
Castaña industria (en kg)		50.640	76.215
Conserva vexetais (en kg)		5.000	10.000
Pan (en kg)		9.722	9.722
Sidra (en litros)			44.500
Pastas (en kg)			208
Graneles (en kg)			3.300

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural [http://www.xunta.es/conselle/ag/orixe/agrieco.htm (última revisión: 1-04-03)]

reflicte que no período comprendido entre 1998 e o 2000, a produción de oruxo rexistrou unha medra superior ó 25%, pasando dos 2.000 hectolitros do primeiro ano ós 2.524 hectolitros de 2000. Pola contra, nese período de tempo, o número de elaboradores permanece practicamente constante, e o número de produtores (produtores, elaboradores, envelledores e embotelladores) pasa dos 139 ós 153 do ano 2000.

Atendendo á distribución provincial, o devandito cadro amosa que no ano 2000, o principal produtor deste produto é Ourense, onde os 30 produtores da provincia produciron no ano

2000 un total de 165.560 litros (o 64,9% da produción galega). Séguelle A Coruña, onde os seus tres produtores obtiveron 42.778 litros (o 16,8%).

No caso da pataca, o **cadro 3.14.** reflicte o predominio da subzona de A Limia, que acolle o 74,6% da produción de pataca comercializada (2.814 miles de quilogramos) e o 88,3% da superficie (639 hectáreas das 724 hectáreas en Galicia). Asemade, esta subzona acolle a 311 dos 496 produtores galegos, e a 800 parcelas declaradas das 1.192 parcelas no conxunto de Galicia (o 62,7% e 67,1%, respectivamente).

Grupos e liñas de investigación da Misión Biolóxica de Galicia

Grupos	Liñas de investigación
Millo	Conservación de xermoplasma autóctono Estudio xenético do xermoplasma español. Obtención de novas variedades adaptadas a zonas húmidas. Selección de secano. Mellora de millo para resistencia ó frío en xerminación. Desenvolvemento de xermoplasma resistente ó taladro (<i>Sesamia nonagrioides</i>). Estudio das causas da resistencia ós taladros Obtención de millo doce para zonas húmidas Obtención de novas variedades de millo de palomitas Millo para usos alimentarios: millo branco e prata.
Brassicac	Conservación de xermoplasma autóctono Multiplicación dunha colección de variedades propias de Galicia Avaliación da resistencia do xermoplasma autóctono ás principais pragas das brassicac.
Leguminosas	Xenética e mellora de xudía. Xenética e mellora de guisante. Ecofisioloxía de leguminosas (xudía, guisante, altramuz). Prospección, conservación e avaliación de recursos fitoxenéticos de xudía e guisante. Estudio da biodiversidade en poboacións cultivadas e silvestres de xudía. Estudio da biodiversidade en poboacións de guisante. Estudio da biodiversidade en poboacións cultivadas e silvestres de altramuz Tecnoloxía celular e molecular de apoio á mellora xenética. Crecemento vexetal en condicións de estrés abiótico.
Pratenses	Recursos fitoxenéticos en gramíneas forraxeiras, concretamente no xénero <i>Dactylis</i>
Viticultura	Prospección, posta en colección e descripción das variedades de vide cultivadas en Galicia e Asturias. Caracterización de variedades de vide por métodos bioquímicos: a partires de componentes de natureza fenólica (antocianos, flavonoides, ácidos benzoicos e cinámicos,...), a partires de isoenzimas e proteínas totais, e a partires do seu ADN. Búsqueda de marcadores bioquímicos: de interese farmacolóxico e/ou toxicolóxico, e de interese polo seu papel no grado de resistencia a enfermidades e pragas. Estudio dos cambios ampelográficos e de fertilidade, sufridos por <i>Vitis vinifera</i> L., despois do seu paso por cultivo in vitro. Selección clonal das variedades adscritas ás Denominacións de Orixe de Galicia, e dalgunhas outras minoritarias, pero de posible interese comercial. Desenvolvemento de novos métodos ampelográficos para a descripción de variedades

Fonte: *Misión Biolóxica de Galicia* [<http://www.mbg.csic.es/>] (última revisión: 1-04-03)

No que respecta á agricultura ecolóxica, cómpre salienta-la importante medra rexistrada no período 1998-2000 tanto no número de produtores, envasadores como na superficie inscrita. No ano 2000 hai un total de 97 produtores e 18 envasadores (34 produtores e 9 envasadores no ano 1998), sendo a superficie inscrita de 265 hectáreas (174 hectáreas en 1998) (**cadro 3.15.**).


En relación á actividade de **I+D agrario**, as tres grandes institucións dedicadas á mesma son as universidades, o Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e o Centro de Formación, Investigación e Tecnoloxía Agraria de Galicia (CFITAGA).

Dos catro centros que o CSIC ten en Galicia, hai dous que realizan a súa actividade no ámbito agrícola: a Misión Biolóxica de Galicia (con sede en Pontevedra) e o Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia (Santiago de Compostela).

A Misión Biolóxica de Galicia centra as súas investigacións na mellora xenética de cultivos de zonas húmidas. O Instituto conta cun Departamento de Mellora Vexetal, no que se integran os catro grupos de investigación: Millo/Brassicac, Leguminosas, Pratenses e Viticultura (**cadro 3.16.**).

A liña fundamental de investigación diríxese ó desenvolvemento de novas variedades que presenten unha menor agresión ambiental baseándose para iso na grande adaptación ó medio que ten o xermoplasma autóctono. Esta liña fundamental artículase nas seguintes actuacións concretas:

- Estudio da diversidade xenética de especies cultivadas con fins de mellora:
 - Prospección de recursos fitoxenéticos
 - Conservación e propagación
 - Creación de variabilidade mediante técnicas de bioloxía celular e biotecnoloxía
- Selección e mellora de especies cultivadas



- Tolerancia e resistencia a condicións adversas: pragas, enfermidades, seca, outras condicións de estrés
- Selección cualitativa de valor nutritivo e organoléptico
- Novos usos de variedades

O Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia ten como finalidade principal realizar investigación científica e técnica na área agroforestal, sendo, polo tanto, o solo e a planta os suxeitos prioritarios de investigación e a mellora de sistemas agro-forestais o seu obxectivo inmediato.

Do CFITAGA dependen o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, o Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia, a Estación de Viticultura e Enoloxía de Leiro, e o Servicio de Formación Agraria, cos seus centros de formación e experimentación, e o Servicio de Transferencia de Tecnoloxía.

O seu investimento finánciase a través das convocatorias públicas do VI Programa Marco da UE, do “Plan Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2000-2003” e o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2000-2006 (PGIDIT). As liñas de I+D seguidas son:

- As recollidas nas directrices do VI Programa Marco da UE. Na actualidade trabállase na execución de 3 proxectos internacionais europeos con financiamento.

- As preferentes sinaladas na Área Científico-Tecnolóxica de Recursos e Tecnoloxías Agroalimentarias do Plan Nacional. Os trece proxectos, financiados polo Instituto Nacional de Investigación y Tecnología Agraria y Alimentaria (INIA), agrúpanse en dúas accións estratéxicas: recursos e tecnoloxías agrarias (9 proxectos) e conservación dos recursos xenéticos de interese agroalimentario (4 proxectos).

- As do PGIDIT no marco dos Programas de Recursos Agropecuarios (céntrase nos proxectos que perseguen a diversificación e o aumento da produción nos sectores agrario e gandeiro, mediante a incorporación de novas especies aten-

dendo á demanda de novos produtos, ou mellorando a calidade de especies que xa se producen) e de Tecnoloxías da Alimentación (interésase por proxectos que teñan por finalidade a diversificación e diferenciación na oferta, novas formas de presentación e tamén mellora da calidade, salubridade e conservación dos alimentos). Ó longo do ano 2002 realizáronse 13 proxectos financiados pola Secretaría Xeral de I+D da Xunta de Galicia.

O CIAM realiza investigación aplicada e investigación básica orientada no marco dos devanditos programas.

Xunto a estes centros, cómpre salienta-la actividade do Centro de Experimentación de Agricultura Intensiva Baixo Miño, que realiza ensaios consistentes en experimentar para obter datos e conclusións fundamentalmente sobre valoración de variedades e técnicas de cultivo de diferentes especies hortícolas e florícolas. Tamén realizáronse programas de mellora de variedades autóctonas, fundamentalmente de pementos, sistemas de formación con albariño e Campos de ensaio e demostración de maceiras e cerdeiras.

Actividade gandeira

Ó igual que no caso da actividade agrícola, en primeiro lugar preséntanse os datos da produción gandeira, para posteriormente, analizar os datos dos produtos galegos con indicativo de calidade: tenreira, lacón, queixo, e o mel.

En relación á actividade gandeira, os **cadros 3.9.** e **3.17.** amosan, respectivamente, a produción dos principais produtos gandeiros para os anos 1995 e 2000 a nivel galego e a súa distribución provincial. A diferenza do acontecido no caso da produción agrícola, que rexistraba un descenso case xeneralizado da produción agrícola, a produción gandeira experimenta unha medra en tódolos produtos agás no caso dos ovos, a carne do cabrún e a cera.

En termos relativos cómpre salienta-lo incremento da produción de troita, cun 33,9%

3.17.

Producción do subsector gandeiro 1995 e 2000: distribución segundo produto

	2000				1995			
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Leite (en miles de litros)	971.779	908.849	39.232	261.279	925.104	882.679	59.310	243.570
Carne (en Tm.)	62.912	39.140	81.662	137.734	56.429	31.626	64.705	104.917
Bovino	28.457	16.610	17.954	25.442	23.558	9.406	15.886	16.757
Ovino	109	65	335	92	126	48	147	75
Cabrún	2	13	179	2	22	28	179	24
Porcino	25.001	3.616	1.820	63.953	23.016	3.666	1.240	47.664
Equino	36	113	11	14	86	9	-	58
Aves	7.479	18.723	61.363	44.683	7.861	18.469	47.253	37.384
Coellos	1.828	-	-	3.548	1.760	-	-	2.955
Ovos (en miles de dúcias)	18.875	8.190	14.021	19.947	20.393	6.342	28.725	18.790
Selectos	10.800	6.240	13.083	11.947	11.184	4.600	26.000	11.083
Campeiros	8.075	1.950	938	8.000	9.209	1.742	2.725	7.707
Polos (miles de unidades)	1.609	23.238	53.183	16.806	4.003	29.513	31.426	16.265
Para posta	-	-	4.369	-	-	-	769	-
Para carne	1.609	23.238	48.814	16.806	4.003	29.513	30.657	16.265
Mel e cera (en Kg.)	358.512	433.825	304.175	299.500	276.900	426.000	266.360	179.800
Mel	351.377	411.167	297.780	282.000	257.500	408.000	254.840	168.400
Cera	7.135	22.658	6.395	17.500	19.400	18.000	11.520	11.400
Troita Arco Iris (en Tm.)	5.472	1.960	-	681	4.177	1.532	25	327

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estatística Agraria 2000

3.18.

Producción de leite 1995 e 2000 (1)

	2000				
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	(en miles de litros)				
Leite consumido ou tranformado na explotación	212.037	91.277	96.305	6.904	17.551
Alimentación animal	87.630	28.472	46.578	1.001	11.579
Consumo familiar	42.441	12.007	19.625	5.504	5.305
Manteiga	5.583	4.618	592	100	273
Queixo	76.383	46.180	29.510	299	394
Leite comercializado	1.969.102	880.502	812.544	32.328	243.728
Venda directa	7.245	2.771	1.328	1.750	1.396
Venda industrial	1.961.857	877.731	811.216	30.578	242.332
Producción total	2.181.139	971.779	908.849	39.232	261.279
	1995				
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	(en miles de litros)				
Leite consumido ou tranformado na explotación	188.880	117.858	45.458	5.421	20.143
Alimentación animal	96.325	60.224	27.893	3.458	4.750
Consumo familiar	54.090	22.110	15.270	1.779	14.931
Manteiga	209	185	-	-	24
Queixo	38.256	35.339	2.295	184	438
Leite comercializado	1.921.782	807.245	837.221	53.889	223.427
Venda directa	14.600	4.070	2.648	575	7.307
Venda industrial	1.907.182	803.175	834.573	53.314	216.120
Producción total	2.110.662	925.103	882.679	59.310	243.570

(1) avances

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de estatística agraria

Cotas lácteas nas CC.AA ó inicio do período 2002-03

	Número de gandeiros		Cota láctea		cota por gandeiro
		(%)	(entoneladas)	(%)	(en kg)
Andalucía	1.546	3,2	457.591	7,6	295.983,8
Aragón	214	0,4	90.981	1,5	425.144,9
Asturias	6.397	13,1	656.001	11,0	102.548,2
Baleares	377	0,8	103.515	1,7	274.575,6
Cantabria	3.988	8,1	522.802	8,7	131.093,8
Castela e León	5.457	11,1	832.014	13,9	152.467,3
Castela A Mancha	641	1,3	193.281	3,2	301.530,4
Cataluña	1.633	3,3	609.356	10,2	373.151,3
Estremadura	351	0,7	41.188	0,7	117.344,7
Galicia	26.115	53,3	1.868.140	31,2	71.535,1
Madrid	195	0,4	90.289	1,5	463.020,5
Murcia	53	0,1	31.081	0,5	586.434,0
Navarra	501	1,0	173.280	2,9	345.868,3
País Vasco	1.432	2,9	250.238	4,2	174.747,2
A Rioxa	46	0,1	18.414	0,3	400.304,3
C. Valenciana	63	0,1	44.921	0,8	713.031,7
Total	49.009	100	5.983.092	100	122.081,5

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

máis, e o de carne e mel e cera, cun 24,7% e 21,5% máis, respectivamente. A produción de polos aumentou nun 16,8% mentres que a produción de leite rexistrou unha medra do 3,3% respecto á produción de 1995. Pola contra, a produción de ovos rexistrou una caída do 17,8% no período considerado.

Afondando na análise da produción do leite, o **cadro 3.18.** reflicte que a produción de leite en Galicia no ano 2000 ascendeu a 2.181,1 miles de toneladas, das que 1.969,1 miles de toneladas corresponden á produción de leite comercializado (o 90,3%), e 212 miles de toneladas ó leite consumido ou transformado na explotación.

Comparado co ano 1995, rexístrase unha medra do 12,3% no caso do leite consumido ou transformado na explotación e do 2,5% no caso do leite comercializado. En termos absolutos, o incremento medio anula neste cinco anos foi de 4.631,4 miles de litros no primeiro caso e de 9.464 miles de litros no caso do leite comercializado.

No concernente ó leite transformado ou comercializado, o devandito **cadro 3.17.** amosa o incremento da produción de manteiga e o queixo, fronte ó descenso da produción destinada á alimentación animal e ó consumo familiar,

mentres que nese mesmo período de tempo rexístrase un crecemento do volume de venda industrial fronte á caída da venda directa.

Atendendo á súa distribución provincial, o **cadro 3.18.** amosa que as provincias de A Coruña e Lugo acollen a meirande parte da produción de leite, con 971.779 e 908.849 miles de litros, respectivamente (o 44,6% e 41,7% da produción total galega no ano 2000). Comparado co ano 1995, o incremento da produción nestas provincias foi do 5,0% e 3,0%, respectivamente, sendo a provincia de Ourense a única que experimenta un descenso da produción de leite.

Nas provincias de A Coruña e Pontevedra rexístrase unha caída da produción de leite consumido ou transformado na explotación nun 22,6% e 12,9%, respectivamente (5.316 e 518 miles de litros menos de media anual, respectivamente), mentres que en Lugo e Ourense o descenso se produce no leite comercializado, cun 2,9% e 40,0% menos (4.935 e 4.312 miles de litros menos de media anual, respectivamente).

A cota leiteira asignada a Galicia na campaña 2002/03, tal e como reflicte o **cadro 3.19.**, foi de 1.868,1 miles de toneladas, o que representa case un tercio da cota leiteira total de España, estando en Galicia aproximadamente o 53% dos gandeiros con dereito a cota ó inico da campaña

3.20.

Cotas lácteas e explotacións nas CC.AA. 1995/96-2002/03

	Cota	Explotacións
	(%)	
Andalucía	5,2	-68,1
Aragón	6,9	-69,0
Asturias	4,7	-65,3
Baleares	-13,8	-41,6
Cantabria	9,1	-51,3
Castela e León	23,6	-60,4
Castela A Mancha	10,7	-67,3
Cataluña	12,2	-54,1
Estremadura	-23,6	-84,3
Galicia	13,1	-57,2
Madrid	-17,5	-64,9
Murcia	71,9	-64,9
Navarra	11,8	-61,0
País Vasco	0,4	-66,0
A Rioxa	-3,8	-51,1
C. Valenciana	1,1	-66,8
Total	8,9	-60,6

Fonte: Federación de Empresarios Productores de Lácteos
[http://www.feplac.com/Documentos/Doc05.htm (última revisión: 1-04-03)]

3.21.

Cotas lácteas por gandeiro 1995/96 e 2002/03

	Periodo 95/96	Periodo 02/03	Variación	
	(en kg/explotación)		(%)	
Andalucía	89.743	295.984	206.241	329,8
Aragón	123.123	425.145	302.022	345,3
Asturias	34.012	102.548	68.536	301,5
Baleares	185.879	274.576	88.697	147,7
Cantabria	57.789	131.094	73.305	226,8
Castela e León	45.102	152.467	107.365	338,0
Castela A Mancha	96.680	301.530	204.850	311,9
Cataluña	152.645	373.151	220.506	244,5
Estremadura	24.094	117.345	93.251	487,0
Galicia	27.027	71.535	44.508	264,7
Madrid	196.777	463.021	266.244	235,3
Murcia	119.775	586.434	466.659	489,6
Navarra	120.811	345.868	225.057	286,3
País Vasco	59.251	174.747	115.496	294,9
A Rioxa	203.574	400.304	196.730	196,6
C. Valenciana	233.889	713.032	479.143	304,9
Total	44.141	122.081	77.940	276,6

Fonte: Federación de Empresarios Productores de Lácteos
[http://www.feplac.com/Documentos/Doc05.htm (última revisión: 1-04-03)]

2002/03. O volume total de cota por gandeiro ascendeu nesa campaña a 71.535,1 quilogramos fronte ás 122.081,5 quilogramos no conxunto do Estado.

Atendendo á evolución deste subsector nos períodos 1995/96 e 2002/03, os **cadros 3.20.** e **3.21.** amosan un descenso do número de explotacións con dereito a cota (57,2% menos en termos porcentuais, o que equivale a unhas 35.000 explotacións menos), así como unha medra do volume total de cota (13,1%) e da cota por gandeiro (44.508 quilogramos por explotación en termos abosolutos e un 264,7% en termos relativos).

Comparado co total estatal, Galicia experimenta unha medra do volume de cota superior ó conxunto do Estado, sendo o descenso do número de explotacións e o incremento da cota por gandeiro, inferior á media estatal.

Atendendo á distribución segundo estratos de cota, **cadro 3.22.**, no período 2002/03 os gandeiros de vacún de leite con menos de 25.000 kg eran 9.227, o 35,3% do total galego, representando o 5,5% da cota galega (101.994 toneladas). No conxunto do Estado estas porcentaxes ascenden a 26,1% (12.770 gandeiros) e 2,5% (151.512 toneladas).

3.2.2.

Cotas lácteas nas CC.AA no período 2002-03: distribución segundo estratos

	< 25.000kg		25.001kg - 50.000kg		50.001kg - 75.000kg		75.001kg - 200.000kg		200.001kg - 300.000kg		>300.001kg		Total	
	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)
Andalucía														
Nº gandeiros	150	9,7	107	6,9	69	4,5	472	30,5	300	19,4	448	29,0	1.546	100
Cota (t)	1.710	0,4	4.028	0,9	4.273	0,9	67.714	14,8	72.241	15,8	307.625	67,2	457.591	100
Aragón														
Nº gandeiros	9	4,2	15	7,0	15	7,0	52	24,3	41	19,2	82	38,3	214	100
Cota (t)	84	0,1	571	0,6	933	1,0	6.625	7,3	10.150	11,2	72.618	79,8	90.981	100
Asturias														
Nº gandeiros	1.347	21,1	1.193	18,6	842	13,2	2.111	33,0	586	9,2	318	5,0	6.397	100
Cota (t)	18.524	2,8	44.085	6,7	51.989	7,9	263.171	40,1	140.669	21,4	137.563	21,0	656.001	100
Baleares														
Nº gandeiros	2	0,5	21	5,6	21	5,6	125	33,2	92	24,4	116	30,8	377	100
Cota (t)	35	0,0	821	0,8	1.258	1,2	17.482	16,9	22.905	22,1	61.014	58,9	103.515	100
Cantabria														
Nº gandeiros	539	13,5	596	14,9	544	13,6	1.591	39,9	385	9,7	333	8,4	3.988	100
Cota (t)	7.828	1,5	21.875	4,2	33.574	6,4	199.506	38,2	92.349	17,7	167.670	32,1	522.802	100
Castela A Mancha														
Nº gandeiros	83	12,9	80	12,5	66	10,3	155	24,2	69	10,8	188	29,3	641	100
Cota (t)	996	0,5	3.045	1,6	4.041	2,1	19.997	10,3	16.706	8,6	148.496	76,8	193.281	100
Castela e León														
Nº gandeiros	900	16,5	968	17,7	743	13,6	1.715	31,4	474	8,7	657	12,0	5.457	100
Cota (t)	13.159	1,6	36.289	4,4	45.907	5,5	210.702	25,3	115.006	13,8	410.951	49,4	832.014	100
Cataluña														
Nº gandeiros	75	4,6	102	6,2	110	6,7	430	26,3	250	15,3	666	40,8	1.633	100
Cota (t)	998	0,2	3.842	0,6	6.757	1,1	56.939	9,3	62.629	10,3	478.190	78,5	609.355	100
Extremadura														
Nº gandeiros	71	20,2	55	15,7	47	13,4	125	35,6	31	8,8	22	6,3	351	100
Cota (t)	908	2,2	1.986	4,8	2.835	6,9	15.483	37,6	7.760	18,8	12.217	29,7	41.189	100
Galicia														
Nº gandeiros	9.227	35,3	4.831	18,5	3.285	12,6	7.105	27,2	1.169	4,5	498	1,9	26.115	100
Cota (t)	101.994	5,5	176.218	9,4	202.495	10,8	873.180	46,7	277.115	14,8	237.138	12,7	1.868.140	100
Madrid														
Nº gandeiros	9	4,6	13	6,7	13	6,7	41	21,0	27	13,8	92	47,2	195	100
Cota (t)	96	0,1	479	0,5	812	0,9	5.180	5,7	6.784	7,5	76.938	85,2	90.289	100
Rexión de Murcia														
Nº gandeiros	6	11,3	5	9,4	2	3,8	11	20,8	5	9,4	24	45,3	53	100
Cota (t)	64	0,2	176	0,6	115	0,4	1.395	4,5	1.328	4,3	28.003	90,1	31.081	100
Navarra														
Nº gandeiros	53	10,6	57	11,4	38	7,6	130	25,9	57	11,4	166	33,1	501	100
Cota (t)	857	0,5	2.176	1,3	2.354	1,4	16.953	9,8	13.937	8,0	137.003	79,1	173.280	100
País Vasco														
Nº gandeiros	287	20,0	210	14,7	159	11,1	399	27,9	129	9,0	248	17,3	1.432	100
Cota (t)	4.144	1,7	7.457	3,0	9.842	3,9	50.923	20,3	31.581	12,6	146.293	58,5	250.240	100
A Ríoxa														
Nº gandeiros	8	17,4	2	4,3	0	0,0	12	26,1	4	8,7	20	43,5	46	100
Cota (t)	69	0,4	54	0,3	0	0,0	1.631	8,9	1.069	5,8	15.591	84,7	18.414	100
C. Valenciana														
Nº gandeiros	4	6,3	5	7,9	5	7,9	15	23,8	8	12,7	26	41,3	63	100
Cota (t)	46	0,1	215	0,5	299	0,7	1.920	4,3	1.903	4,2	40.537	90,2	44.920	100
Total														
Nº gandeiros	12.770	26,1	8.260	16,9	5.959	12,2	14.489	29,6	3.627	7,4	3.904	8,0	49.009	100
Cota (t)	151.512	2,5	303.317	5,1	367.484	6,1	1.808.801	30,2	874.132	14,6	2.477.847	41,4	5.983.093	100

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

3.23.

Transferencias de cota 1998/99 - 2001/02

	Con explotación		Sen explotación		Entre CC.AA.		Totais	
	Número	Volumen (entoneladas)	Número	Volumen (entoneladas)	Número	Volumen (entoneladas)	Número	Volumen (entoneladas)
1998/99	1.307	60.245,8	2.305	31.566,2	15	242,2	3.627	92.054,3
1999/00	1.376	74.566,5	2.319	42.130,9	3	155,2	3.698	116.852,6
2000/01	1.015	69.799,8	3.580	60.118,8	7	224,7	4.602	130.143,4
2001/02	910	70.982,4	1.583	28.813,9			2.493	99.796,4
Total	4.608	275.594,6	9.787	162.629,9	25	622,2	14.420	438.846,6

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias

3.24.

Cesións temporais de cota de leite 1998/99 - 2001/02

	Número	Volumen (entoneladas)
Campaña 1998/99	376	5.878,8
Campaña 1999/00	428	6.572,1
Campaña 2000/01	335	7.039,6
Campaña 2001/02	227	5.476,9
Totais	1.366	24.967,3

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias

3.25.

Abandonos de cota de leite 1998/99 - 2001/02

	Beneficiarios	Aprobadas cota (entoneladas)	Subvención (en miles de €)
Campaña 1998/99	1.644	29.686,9	9.473,5
Campaña 1999/00	728	12.166,3	3.965,6
Campaña 2000/01	463	12.014,5	4.414,8
Campaña 2001/02	424	11.646,5	3.588,5
Campaña 2002/03	137	4.274,0	1.109,1
Totais	3.396	69.788,2	22.551,5

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias

O estrato de cota que presenta o maior volume de produción corresponde ó que vai dende 75.001 kg a 200.000 kg, con 873.180 quilogramos, o que representa o 46,7% da cota galega nese período. O número de gandeiros ascende a 7.105, o que significa o 27,2% do total galego.

Cómpre salientar que no caso das explotacións con máis de 300.000 quilogramos, Galicia ocupa a terceira posición en canto o número absoluto das mesmas, cando representan o 1,9% dos gandeiros galegos. No conxunto do Estado o seu peso relativo ascende ó 8,0%, producindo o 41,4% da cota española (en Galicia estas explotacións producen o 12,7% da cota galega).

Dos datos do devandito **cadro 3.22.** dedúcese un descenso progresivo da importancia relativa das explotacións e cota galegas no total estatal a medida que se incrementa o estrato de cota. No caso do estrato de menos de 25.000kg, o número de gandeiros de vacún de leite representa o 72,3% do total estatal, e o volume de cota o 67,3%, fronte ó 12,8% e 9,6%, respectivamente, no caso do estrato de cota de máis de 300.001 quilogramos.

Un último aspecto a considerar á hora de analiza-la cota láctea é o correspondente ós movementos de cota en Galicia: transferencias, cesións temporais e abandonos de cota. O **cadro 3.23.** reflicte a evolución das transferencias de

Indicadores de calidade da terneira galega 1998-2000

	1998	1999	2000	98/00 (%)
Productores	9.300	10.460	10.834	16,5
Cebadeiros	455	493	552	21,3
Matadoiros	40	42	43	7,5
Salas de despezamento	17	19	21	23,5
Nº canais certificados	42.845	45.005	50.924	18,9
Producción (en tm)	8.857	97.216	11.152	25,9

	Indicación Xeográfica Protexida Ternera Galega				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Productores activos	894	4.588	171	110	5.763
Explotacións activas	959	4.716	286	160	6.121
Industrias cárnicas	19	12	9	13	53
Canais certificadas	21.649	13.877	2.397	12.825	50.748

(1) A zona de produción e crianza do gando destinada a ser apta para ser protexida pola Indicación Xeográfica Protexida (I.X.P.) Ternera Galega, así como a zona de elaboración das carnes protexidas estendese a todo o territorio da Comunidade Autónoma Galega

(2) A carne protexida procede de animais das razas Rubia Galega, Morenas do Noroeste, os cruces entre si e os procedentes do cruce na primeira xeración de machos das razas citadas inscritos nos respectivos rexistros xenealóxicos, con femias das razas Frisona e Parda Alpina, nados, criados e sacrificados en Galicia, en instalacións inscritas nos rexistros da I.X.P.

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estatística Agraria 2000 e [http://www.xunta.es/conselle/ag/orixe/ternera.htm (última revisión: 1-04-03)]

cota no período comprendido entre as campañas 1998/99 e 2001/02. Nas catro campañas o número de transferencias ascendeu a 14.420, das que 9.787 corresponden a transferencias sen explotación e 4.608 a transferencias con explotación, e volume total das mesmas foi de 438.846,6 toneladas (275.594,6 toneladas corresponden a transferencias con explotación e 162.629,9 a transferencias sen explotación). As transferencias entre comunidades autónomas foron 25 e a cantidade transferida ascendeu a 622,2 toneladas.

En relación ás cesións temporais de cota de leite, o **cadro 3.24.** reflicte que nas catro campañas mencionadas o número de cesións temporais ascendeu a 1.366, e o volume de cota a 24.967,3 toneladas.

O **cadro 3.25.** amosa a evolución do abandono de cota de leite. O volume total da subvención nas últimas cinco campañas ascendeu a 22.551,5 miles de euros, e o número de beneficiarios a 3.396. A cantidade total de cota de leite aprobada acadou as 69.788,2 toneladas.

No caso da **producción cárnica**, a provincia de Pontevedra produce un total de 137,7 miles de toneladas fronte ás 81,6 miles de toneladas na provincia de Ourense (o 42,8% e 25,4%, respec-

tivamente). Atendendo ás diferentes especies, cómpre salienta-la importancia do porcino en Pontevedra (representa o 46,4% da produción total cárnica da provincia e o 67,8% da produción desta especie en Galicia) e das aves en Ourense (o 75,1% e 46,4%, respectivamente).

Asemade, o devandito **cadro 3.17.** reflicte a importancia relativa dos polos en Ourense, que representa o 56,1% das unidades totais de Galicia, e a da troita en A Coruña, onde se recolle o 67,5% da produción total.

No concernente ós **productos con indicativo de calidade**, os **cadros 3.26. a 3.30.** amosan os principais indicadores dos cinco produtos "protexidos" pertencentes ó subsector gandeiro. No caso da terneira, o **cadro 3.26.** amosa a evolución dos indicadores da zona de produción e crianza apta para ser protexida pola indicación xeográfica protexida terneira galega 1998-2000. Neste período de tempo rexístrase unha medra da produción, un 25,9% máis (2.295 toneladas), así como do número de canais certificados, cun 18,9% máis (8.079 canais máis). Asemade, entre 1998 e 2000 prodúcese un crecemento no número de produtores e cebadoiros, permanecendo practicamente constante o número de matadoiros e salas de despezamento.

3.27.

Indicadores de calidade do lacón galego 1998-2000

	1998	1999	2000	98/00
				(%)
Explotacións reprod. de leitóns	1	1	4	300,0
Explotacións de cebo	28	29	52	85,7
Matadoiros	8	9	11	37,5
Salas de despezamento	11	12	16	45,5
nº de industrias cárnicas de elaboración	14	15	19	35,7
nº leitóns controlados	29.910	8.938	29.300	-2,0
Porcos sacrificados	15.299	5.039	6.051	-60,4
Lacóns comercializados	16.113	5.458	7.791	-51,6
Producción (en kg)	56.396	19.103	30.209	-46,4

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, [http://www.xuntia.es/conselle/ag/orixe/lacon.htm (última revisión: 1-04-03)]

3.28.

Indicadores de calidade 2000: Lacón

	Indicación Xeográfica Protexida Lacón Galego				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Explotacións	14	17	-	25	56
Industrias cárnicas	11	24	4	7	46
Lacóns comercializados	1.898	5.604	-	289	7.791

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estatística Agraria 2000

Atendendo á distribución provincial, o devandito **cadro 3.26.** amosa que o maior número de produtores e explotacións activas atópanse na provincia de Lugo, que acolle o 79,6% (4.588 produtores) e 77% (4.716 explotacións) dos produtores e explotacións activas galegas, respectivamente.

A provincia de A Coruña é a que rexistra o maior número de canais certificadas, con 21.649 (o 42,7% do total galego), por diante de Lugo e Pontevedra, con 13.877 (o 27,3%) e 12.825 (o 25,3%), respectivamente.

En relación ó lacón, o **cadro 3.27.** reflicte a evolución das principais variables da indicación xeográfica protexida Lacón Galego entre os anos 1998 e 2000. No concernente ó número de leitóns controlados, porcos sacrificados, lacóns comercializados e produción, cómpre salienta-lo forte descenso experimentado nos dous primeiros anos, así como a recuperación no ano 2000. Non obstante, os valores do ano 2000 son inferiores ós rexistrados no ano 1998. Pola contra, nese período de tempo aumenta o número de explotacións de cebo, matadoiros e salas de despezamento e industrias cárnicas de elaboración.

Atendendo á distribución provincial, o **cadro 3.28.** amosa que Lugo é a provincia con maior número de industrias cárnicas e volume de lacóns comercializados, con 24 industrias (46 no conxunto de Galicia) e 5.604 lacóns (7.791 en total). No concernente ás explotacións, Pontevedra acolle un total de 25 explotación fronte ás 17 de Lugo ou as 14 de A Coruña.

No **cadro 3.29.** recóllense os principais datos das catro denominacións de orixe do queixo –queixo tetilla, Arzúa-Ulloa, San Simón da Costa e queixo do Cebreiro- e se reflicte que as dúas primeiras producen a práctica totalidade da produción galega. No que respecta ós gandeiros e ás queixerías, amósase que no ano 2000 a denominación de orixe de Arzúa-Ulloa acolle a 700 dos 1.278 queixeiros e 21 queixerías, mentres que a denominación do queixo de tetilla acolle a 475 e 24, respectivamente.

Atendendo á evolución entre 1998 e 2000, cómpre salienta-la medra da produción anual de queixo de tetilla, cun 54% máis (a produción total de queixo medra un 39%) e o crecemento do número de produtores na D.O. queixo de tetilla, cun 30,5% máis (9,5% no conxunto de Galicia).

3.29.

Denominacións de orixe dos queixos galegos 1998-2000: principais datos

	1998	1999	2000	98/00
				(%)
D.O. Queixo de Tetilla (1)				
Productores	364	400	475	30,5
Queixeiros etiquetado con D.O.	22	24	24	9,1
Producción anual (en kg)	1.236.264	1.719.000	1.905.556	54,1
D.O. Arzúa - Ulloa (2)				
Productores	700	700	700	0,0
Queixeiros etiquetado con D.O.	21	21	20	-4,8
Producción anual (en kg)	1.500.100	1.757.700	1.921.400	28,1
D.O. San Simón da Costa (3)				
Productores	94	94	94	0,0
Queixeiros etiquetado con D.O.	6	6	7	16,7
Producción anual (en kg)	113.490	200.000	138.409	22,0
D.O. Queixo do Cebreiro (4)				
Productores	10	7	10	0,0
Queixeiros etiquetado con D.O.	3	3	3	0,0
Producción anual (en kg)	21.852	33.373	26.195	19,9
Total denominacións de orixe				
Productores	1.168	1.201	1.279	9,5
Queixeiros etiquetado con D.O.	52	54	54	3,8
Producción anual (en kg)	2.871.706	3.710.073	3.991.560	39,0

(1) Abrangue todo o territorio da Comunidade Autónoma.

(2) A zona de produción de leite é a zona limítrofe das provincias de A Coruña e Lugo. Na provincia de A Coruña abrangue os concellos de Arzúa, Boqueixón, Curtis, Frades, Melide, Mesía, Ordes, Oroso, O Pino, Santiso, Sobrado, Toques, Touro e Vilasantar. Á provincia de Lugo pertencen os copcellos de Antas de Ulla, Carballedo, Chantada, Ferrol, Guntín, Monterroso, Palas de Rei, Portomarín e Taboada.

(3) Abrangue as parroquias de San Simón da Costa, Samarugo, Vilapedre e o barrio de Moreda da parroquia de Lazós, pertencentes ó concello de Vilalba, así como as parroquias de Balsa e Viveiró, do concello de Muras.

(4) Inclúe os concellos de Baralla, Becerreá, Folgoso do Courel, Cervantes, Navia de Suarna, As Nogais, Triacastela e Pedrafita do Cebreiro.

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural*.

3.30.

Indicadores da denominación específica Mel de Galicia 1998-2000

	1998	1999	2000	98/00	
Productores	285	358	390	36,8	
Envasadores	54	61	61	13,0	
Mel certificada (en kg)	94.435	401.375	169.046	79,0	
	2000				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Apicultores	117	90	127	56	390
Comeas	4.512	8.981	8.128	2.861	24.482
Envasadores	22	17	14	10	63
Producción (en Kg.)					
Total	90.240	179.620	162.560	57.220	489.640
Certificada (2)	109.751	8.675	10.419	40.201	169.046

(1) Os meles amparados pola denominación de orixe terán de ser producidos, elaborados e envasados no territorio da C.A.
(2) Na provincia de A Coruña envásase máis mel do que se produce.Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural*, *Anuario de Estatística Agraria 2000* e [<http://www.xunta.es/conselle/ag/orixe/mel.htm>] (última revisión: 1-04-03)]

O **cadro 3.30.** amosa a evolución dos indicadores da denominación específica Mel de Galicia entre os anos 1998 e 2000. Neste período de tempo rexístrase unha medra do 79% na produción de mel certificada, pasándose de 94.435 quilogramos de 1998 ós 169.046kg do ano 2000. Neste último ano o número de produtores ascen-

de a 390 (105 máis que en 1998) e o de envasadores a 61 (sete máis).

Atendendo á distribución provincial, o devandito **cadro 3.30.** amosa o predominio das provincias de Lugo e Ourense no que se refire á produción total de mel, ó acolle-lo 36,7% e

3.31.

Axudas ás explotacións agrarias 1996 e 2000

	1996		2000		00/96	
	Número	Subvención (en €)	Número	Subvención (en €)	Número	Subvención (en %)
Posta en produción de superficies infrautilizadas en montes veciñais	36	1.576.374,83	14	579.523,10	-61,1	-63,2
Mellora da eficacia dos sistemas produtivos agrarios	209	1.510.567,70	34	649.005,55	-83,7	-57,0
Axudas a superficies con cultivos herbáceos	38.864	7.961.241,64	36.810	15.915.056,96	-5,3	99,9
Primas a produtores de vacun de carne (becerras)	3.531	228.137,55	9.375	2.123.483,55	165,5	830,8
Primas a gandeiros de ovino-caprín	5.138	1.451.541,67	4.204	3.808.813,87	-18,2	162,4
Primas a gandeiros con vacas mosexas	25.861	23.170.168,82	24.773	29.277.394,46	-4,2	26,4
Mellora das estruturas de explotacións agrarias (RD 1887/91, 204/96) (só subvención directa)						
A)Primeira instalación de agricultores novos	829	10.504.146,12	1.089	8.778.311,64	31,4	-16,4
B)Investimentos en plans de mellora de explotacións	2.662	13.741.470,01	3.216	41.241.286,83	20,8	200,1
C)Axudas para a introdución á contabilidade	1.246	372.920,50	-	-	-100,0	-100,0
D)Axudas a agrupacións de xestión	34	503.434,18	18	1.197.294,24	-47,1	137,8
R)Investimentos en plans de mellora fóra da acción común	15	75.823,74	8	59.788,81	-46,7	-21,1
Cesamento anticipado na actividade agraria	174	452.863,59	2.563	11.773.045,81	1.373,0	2.499,7
Indemnizacións compensatorias a zonas de montaña desfavorecidas	29.016	8.003.356,43	21.453	8.041.199,38	-26,1	0,5
Abandono produción leiteira	5.279	3.022.767,47	1.295	4.280.588,21	-75,5	41,6
Medidas agroambientais en agricultura (R. 2078/92)						
Razas autóctonas en perigo de extinción	72	29.269,29	113	81.591,00	56,9	178,8
Protección integrada do viñedo		-	253	145.085,52		
Conservación contorno paisaxístico en viñedos Ribeira Sacra		-	600	132.590,48		
Prevención erosión en sistemas extensivos de pastoreo		-	64	203.471,17		
Reestruturación de viñedo	94	122.723,54	117	165.407,24	24,5	34,8
Adquisición de maquinaria	244	735.398,08	75	656.967,86	-69,3	-10,7
Agrupación tratamentos integrados para a agricultura		-	23	161.962,23		
Agrupación defensa vexetais		-	64	283.575,54		
Medidas extraordinarias sectores vitivinícola e frutícola		-	56	147.211,41		
Seguros agrarios	3.890	300.503,57	5.129	778.311,26	31,9	159,0
Fomento do emprego		-	25	925.496,44		
Sementes e plantas de viveiro		-	4	20.849,69		
Mellora da calidade do leite		-	92	4.825.110,26		
"Defensa sanitaria dos cultivos" e "control integrado (ATRIAS)"	87	326.459,14				
Total	117.281	74.089.167,89	111.467	136.252.422,51	-5,0	83,9

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de estatística agraria 2000

Cesamento anticipado na actividade agraria

Período de programación 2000-06					
Beneficiarios	Pagamentos				Total
	FEOGA	MAPA	C. Autónoma	(en euros)	
Galicia	1.837	8.803.443,61	1.467.240,60	1.467.240,60	11.737.924,81
A Coruña	870	3.549.422,48	591.570,41	591.570,41	4.732.563,30
Lugo	841	4.405.091,85	734.181,97	734.181,97	5.873.455,80
Ourense	19	93.497,82	15.582,97	15.582,97	124.663,76
Pontevedra	107	755.431,46	125.905,24	125.905,24	1.007.241,95

Período de programación 1994-99					
Beneficiarios	Pagamentos				Total
	FEOGA	MAPA	C. Autónoma	(en euros)	
Galicia	1.288	5.461.577,30	910.262,88	910.262,88	7.282.103,07
A Coruña	386	2.190.238,38	365.039,73	365.039,73	2.920.317,85
Lugo	735	2.742.319,34	457.053,22	457.053,22	3.656.425,78
Ourense	15	45.439,93	7.573,32	7.573,32	60.586,58
Pontevedra	152	483.579,65	80.596,61	80.596,61	644.772,87

Fonte: Ministerio de la Presidencia

33,2% da produción total, respectivamente, mentres que a provincia de A Coruña, dado que envasa máis mel do que produce, é a que presenta a maior cantidade de mel certificada, con 169.751 quilogramos dos 169.046 kg. certificados en Galicia.

Esta situación débese a que son as provincias de Ourense e Lugo as que acollen a meirande parte das colmeas de Galicia (en conxunto abranguen o 69,9% das colmeas galegas), mentres que en A Coruña sitúanse 22 dos 63 envasadores de Galicia.

Axudas ás explotacións agrarias


Segundo o *Anuario de Estadística Agraria 2000*, o número de medidas ou liñas de actuación dirixidas ás explotacións agrarias expedidas en 2000 ascendeu a 111.467 (un 5,0% inferior ó experimentado no ano 1996), cun volume total de subvencións de 136,3 millóns de euros, fronte ós 74,1 millóns de euros do ano 1996 (**cadro 3.31**).

No ano 2000, os principais grupos de axudas atendendo ó número de axudas estruturais e ás subvencións recibidas, son os de “primas a gandeiros con vacas mosexas”, as “axudas a superficies con cultivos herbáceos”, e as axudas para o “investimento en plans de mellora de explotacións”, que acollen o 63,4% das subvencións (58,1% das axudas concedidas).

Comparado co ano 1996, cómpre salientalo importante incremento do número de axudas e subvencións no caso do cesamento anticipado na actividade agraria e das primas a produtores de vacún de carne (becerros). O incremento no primeiro caso é do 1.373,0% e 2.499,7%, mentres que no caso do cesamento anticipado da actividade, a medra rexistrada é do 165,55 e 830,8%, respectivamente.

En relación á medida de cesamento anticipado da actividade, do Programa de Medidas de Acompañamento, ó longo do exercicio FEOGA-2001 (16 de outubro de 2000 a 15 de outubro de 2001), o número de beneficiarios ascendeu a 3.125, dos que 1.837 corresponden ó período de programación 2000/2006 e 1.288 son compromisos do Programa 1994/1999. O **cadro 3.32** reflicte os resultados obtidos na aplicación desta Medida de Cesamento Anticipado na actividade agraria.

O pago total programado para o período 2000-06 en Galicia ascende a 11,7 millóns de euros (61,2% máis que no período 1994-99) dos que 8,8 millóns de euros corresponden ó FEOGA, e 1,5 millóns de euros ó MAPA e á Xunta. ■



3.3

PREZOS AGRARIOS



O análise dos prezos agrarios está dividido en subapartados nos que se analizan, en primeiro lugar, os prezos percibidos e pagados polos agricultores en base ós datos facilitados polo Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. Posteriormente estúdase a evolución dos prezos dos produtos agrícolas e gandeiros atendendo ós datos recollidos no *Anuario de Estadística Agraria 2000* e, finalmente, preséntase a evolución dos prezos da terra recollidos no devandito *Anuario*.

O **cadro 3.33** reflicte os índices de **prezos percibidos** polos agricultores nos dous últimos anos, tomando como referencia o ano 1990 (1990=100). En 2001, o índice xeral de prezos acadou un valor de 118,15, o que significou unha medra do 2,7% respecto ó ano 2000. Atendendo ós diferentes tipos de produtos, o devandito **cadro 3.33** reflicte que os produtos forestais son os que presentan un índice máis elevado, co 142,19, seguido polos produtos gandeiros e animais, co 128,07 e 122,77, respectivamente. Pola contra, os valores máis reducidos son os dos produtos vexetais e agrícolas, co 115,40 e 114,50, respectivamente.

Atendendo á evolución rexistrada nos dous últimos anos, cómpre salientala medra rexistrada polos índices de prezos dos produtos animais (8,5%), produtos gandeiros (6,9%) e produtos forestais (6,8%), en tanto que o índice de prezos no caso dos produtos vexetais e agrícolas desce un 0,7% e 1,0%, respectivamente.

En relación ós **prezos pagados** polos agricultores, o **cadro 3.34** amosa que o índice de prezos acadou un valor de 124,14 no caso dos bens de investimento e do 112,53 no caso dos bens e servizos de uso corrente (1995=100). Comparando os valores destes índices para os anos 2000 e 2001, o devandito cadro amosa un crecemento tanto no caso dos bens e servizos de uso corrente como no caso dos bens de investimento, sendo do 2,2% no caso dos bens e servizos de uso corrente, e do 5,7% no caso dos bens de investimento.

No concerne ós **prezos dos produtos** agrícolas e gandeiros, os **cadros 3.35** e **3.36** amosan unha evolución desigual dos mesmos entre os anos 1995 e 2000. Así, os devanditos

3.33.

Índices de prezos percibidos polos agricultores 2000-01: medias anuais españolas

	2000	2001	01/00
	(ano base 1990=100)		(%)
Productos vexetais	116,22	115,40	-0,7
Productos agrícolas	115,65	114,50	-1,0
Cereais consumo humano	87,07	93,13	7,0
Cereais penso	86,38	90,79	5,1
Leguminosas consumo humano	133,88	128,82	-3,8
Leguminosas penso	89,97	92,36	2,7
Pataca	118,68	147,26	24,1
Hortalizas	125,19	119,09	-4,9
Froitas frescas (non cítricos)	78,69	90,65	15,2
Viño e mosto	200,76	149,46	-25,6
Sementes	84,05	80,40	-4,3
Flores e plantas ornamentais	105,13	125,66	19,5
Productos animais	113,12	122,77	8,5
Vacún para abasto	104,25	92,67	-11,1
Ovino para abasto	118,44	141,50	19,5
Cabrún para abasto	126,99	145,04	14,2
Porcino para abasto	112,66	134,58	19,5
Aves para abasto	113,64	125,07	10,1
Coellos para abasto	93,88	108,26	15,3
Productos gandeiros	119,80	128,07	6,9
Leite	121,77	133,87	9,9
Ovos	116,16	115,14	-0,9
La	60,60	63,61	5,0
Productos forestais	133,17	142,19	6,8
Madeira coníferas	123,84	136,79	10,5
Madeiras frondosas	108,31	113,01	4,3
Corcho	256,65	254,73	-0,7
Índice xeral de prezos percibidos	115,06	118,15	2,7

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Boletín Mensual de Estadística

3.34.

Índices de prezos pagados polos agricultores 2000-01

	2000	2001	01/00
	(ano base 1995 = 100)		(%)
Bens e servizos de uso corrente	110,11	112,53	2,2
Sementes e plantóns	126,44	127,25	0,6
Fertilizantes	104,02	111,78	7,5
Simples	103,51	117,99	14,0
Compostos	101,82	106,95	5,0
Enmendas	117,82	106,93	-9,2
Alimentos de gando	99,89	102,71	2,8
Pensos simples	108,25	107,03	-1,1
Pensos compostos	97,84	101,65	3,9
Protección fitopatolóxica	109,29	111,28	1,8
Tratamentos zosanitarios	139,31	140,15	0,6
Cons. e rep. Maquinaria	112,21	113,34	1,0
Cons. e rep. Edificios	117,95	124,59	5,6
Enerxía e lubricantes	138,97	135,90	-2,2
Material e pequeno utillaxe	112,33	109,38	-2,6
Gastos xerais	118,02	120,75	2,3
Bens de investimento	117,40	124,14	5,7
Maquinaria e outros bens de equipo	120,44	124,58	3,4
Obras de inversión	115,15	123,82	7,5

(1) Como consecuencia do cambio de período de base, os prezos do 2001 non son exactamente comparables cons de períodos anteriores

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Boletín Mensual de Estadística

3.35.

Prezos agrícolas en Galicia 1998-2000

		1998	1999	2000	1998	1999	2000
		(1995 = 100)					
Trigo	(€/100kg)	29,80	30,05	26,14	119,7	120,7	105,0
Centeo	(€/100kg)	24,69	24,64	24,64	145,3	145,0	145,0
Millo gran	(€/100kg)	19,61	19,03	18,63	76,6	74,3	72,8
Feixón seco	(€/100kg)	0,00	0,00	510,86			
Pataca Kennebec	(€/100kg)	21,92	20,98	15,07	84,4	80,8	58,0
Leituga	(€/100kg)	58,46	52,84	46,58	66,5	60,2	53,0
Col-repolo	(€/100kg)	31,49	46,90	35,76	87,9	130,9	99,8
Tomate	(€/100kg)	52,69	64,17	63,89	97,0	118,2	117,7
Cebola	(€/100kg)	59,42	57,78	45,08	139,4	135,6	105,8
Pemento	(€/100kg)	67,10	61,02	76,97	111,2	101,1	127,5
Feixón plano	(€/100kg)	119,86	87,56	116,40	109,0	79,6	105,8
Caravel	(€/ducia)	1,06	1,10	1,14	83,4	87,2	90,1
Víño branco (DO)	(€/Hgd)	16,10	20,08	19,47			
Víño tinto (DO)	(€/Hgd)	14,29	16,05	11,45			

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estatística Agraria 2000

3.36.

Prezos gandeiros en Galicia 1998-2000

		1998	1999	2000	1998	1999	2000
		(1995 = 100)					
Becerras < 1 ano	(€/100 kg. vivo)	230,23	206,67	209,75	89,6	80,5	81,7
Vacún maior	(€/100 kg. vivo)	104,60	84,74	87,21	77,0	62,3	64,2
Año leitón	(€/100 kg. vivo)	444,91	398,67	435,22	115,6	103,6	113,1
Cabrito leitón	(€/100 kg. vivo)	618,62	491,19	504,61	111,5	88,5	91,0
Porcos de cebo	(€/100 kg. vivo)	103,20	89,98	117,57	84,0	73,3	95,7
Polo de granxa	(€/100 kg. vivo)	83,83	82,47	96,97	86,1	84,7	99,6
Coello	(€/100 kg. vivo)	147,49	141,41	153,35	114,0	109,3	118,6
Ovos de galiña	(€/ducia)			0,81			
Vacas de leite	(€/cabeza)	1.412,75	1.254,61	1.204,39	99,7	88,5	85,0
Xovencas de leite	(€/cabeza)			1.310,62			
Becerras (1-3 semanas)	(€/cabeza)	304,08	282,98	331,74	103,2	96,0	112,6
Ovellas	(€/cabeza)	41,75	42,80	42,32	118,7	121,7	120,4
Cabras	(€/cabeza)	50,94	47,45	47,02	70,6	65,8	65,2
Leitóns	(€/cabeza)	29,34	24,25	36,37	80,6	66,6	99,9
Leite	(€/100l)			226,65			

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estatística Agraria 2000

3.37.

Prezos da terra 1995-2000

	Prado regadío	Prado secaño	Labradío regadío	Labradío secaño	Víñedo secaño	Pasteiro secaño
	(en €/Ha.)					
Galicia 2000	16.259,2	12.344,6	20.810,3	13.009,4	34.892,0	6.250,8
A Coruña	13.201,1	13.308,6	-	14.054,5	-	-
Lugo	16.413,6	12.729,4	-	12.537,1	-	5.060,5
Ourense	16.603,0	8.786,8	15.857,7	7.341,4	32.689,5	5.126,6
Pontevedra	-	-	32.972,1	18.104,6	53.499,5	8.565,3
Galicia 1995	14.608,6	9.812,5	21.822,0	10.475,2	35.808,9	6.107,2
A Coruña	13.180,2	9.255,6	-	10.998,5	-	-
Lugo	14.598,6	11.599,5	-	10.980,5	-	5.252,9
Ourense	16.047,0	8.582,5	15.896,8	8.834,9	31.463,0	6.142,3
Pontevedra	-	-	27.747,3	11.087,1	40.154,8	6.926,3
	1995 / 2000 (%)					
Galicia	11,3	25,8	-4,6	24,2	-2,6	2,4
A Coruña	0,2	43,8	-	27,8	-	-
Lugo	12,4	9,7	-	14,2	-	-3,7
Ourense	3,5	2,4	-0,2	-16,9	3,9	-16,5
Pontevedra	-	-	18,8	63,3	33,2	23,7


Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estatística Agraria 2000

cadros reflicten unha caída do prezos superior ó 25% no caso da leituga (47,0%), da pataca (42,0%), do vacún maior (35,8%), das cabras (34,8%) e do millo gran (27,2%). Pola contra, os productos que rexistran no período considerado unha medra nos seus prezos superior ó 25% son o centeo (45,0%) e o pemento (27,5%).

Finalmente, o **cadro 3.37**. amosa o valor dos **prezos da terra** no ano 2000 e a súa evolución no período comprendido entre os anos 1995 e 2000. No ano 2000, os prezos máis elevados corresponden ós terreos dedicados ó viñedo secaño e ó labradío regadío, con 34,9 miles de euros por hectárea e 20,8 miles de euros por hectárea, respectivamente, mentres que o prezo máis reducido é o de pasteiro secaño, con 6,3 miles de euros por hectárea.

Comparado co ano 1995, o devandito cadro amosa que, para o conxunto de Galicia, os terreos co valor máis elevado por hectárea son os dous únicos que rexistran unha caída do seu prezo. No caso do labradío regadío, este descende un 4,6%, sendo do 2,6% no caso do viñedo secaño. Pola contra, as medras máis importantes rexístranse no caso do prado secaño e labradío secaño, co 25,8% e 24,2%, respectivamente.

Atendendo á distribución provincial, cómpre salientar que Pontevedra no só é a provincia que rexistra os prezos máis elevados, senón que tamén é a que rexistra os incrementos máis importantes nos distintos tipos de terras. ■



3.4.

AGROINDUSTRIA



A análise da situación das empresas da industria agroalimentaria está dividida en catro grandes apartados, nos que se analizan, en primeiro lugar, os datos recollidos na *Táboa input-output de Galicia* correspondentes ó ano 1998 e nas *Contas económicas de Galicia, serie 1995-2000* (ámbalas dúas presentadas polo IGE). Posteriormente estúdiase a industria agroalimentaria galega a partires dos datos do INE presentados no Directorio Central de Empresas e na Encuesta Industrial de Empresas, para centrarse en terceiro lugar no estudio dos indicadores empresariais das empresas galegas analizadas polo Ardán. Finalmente, o capítulo detense nas axudas á industria e á promoción agroalimentaria, tendo como referencia os datos publicados no *Anuario de Estadística Agraria* da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

Táboa input-output 1998 e Contas económicas de Galicia 1995-2000

A análise das táboas input-output ten como punto de partida a consideración de que as distin-

tas partes da Economía están interrelacionadas. No caso da aplicación desta análise ó subsector agrogandeiro considérase que este está integrado polos seguintes grupos de actividade:

- Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados, subdividido en produtos agrícolas, produtos gandeiros e servizos agrícolas e gandeiros;
- Industria cárnica, que se subdivide en “carne fresca, refrixerada ou conxelada” e “produtos cárnicos”;
- Industria láctea, subdividido en “leite de consumo”, e en “derivados lácteos e xeados”;
- Fabricación de produtos para a alimentación animal;
- Elaboración de bebidas, onde considerámo-la industria do viño e bebidas alcohólicas;
- Outras industrias alimentarias, onde se distinguen, “froitais e hortalizas, preparadas e en conservas”, “graxas e aceites vexetais ou animais”, “produtos do muíño, amidóns e amiláceos” e “outros produtos alimenticios”.


O **cadro 3.38.** reflicte a demanda intermedia e as vendas finais dos devanditos grupos de acti-

3.38.

Táboa input-output de Galicia 1998. Demanda intermedia e vendas finais das ramas productivas pertencentes ó subsector agrogaandeiro

Total Dda. Intermedia	Total gasto en consumo final		Formación bruta de capital		Total Exportacións		Total demanda final						
	fogares residentes	fogares non residentes	Formación bruta de capital fixo	Variación de existencias	resto de España	resto da U.E.	resto do mundo	Total empregos					
	<i>(en miles de €)</i>												
Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados	1.311.702	537.035	521.940	15.095	-28.113	-647	-27.466	416.717	350.441	65.738	538	925.639	2.237.341
Prod. agrícolas	408.631	450.609	437.223	13.386	-7.398	56	-7.454	84.222	46.518	37.213	491	527.434	936.065
Galicia	139.833	253.677	253.677	7.846	-7.398	56	-7.454	84.222	46.518	37.213	491	338.348	478.181
Fora de Galicia	268.798	186.932	183.046	5.540	-	-	-	-	-	-	-	189.086	457.884
Prod. gandeiros	882.776	78.868	77.159	1.709	-20.012	-7.03	-20.012	332.495	303.923	28.525	47	390.647	1.273.423
Galicia	879.294	75.638	73.998	1.640	-27.503	-7.491	-20.012	332.495	303.923	28.525	47	380.630	1.259.920
Fora de Galicia	3.485	3.230	3.161	69	6.788	6.788	-	-	-	-	-	10.017	13.503
Servizos agrícolas e gandeiros	20.295	7.558	7.558	-	-	-	-	-	-	-	-	7.558	27.853
Galicia	20.295	7.558	7.558	-	-	-	-	-	-	-	-	7.558	27.853
Fora de Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Industria agroalimentaria	1.210.080	2.360.171	2.300.240	59.931	7.040	-	7.040	1.102.437	850.837	210.744	40.856	3.469.649	4.679.708
Carne fresca, refrixerada ou conxelada	153.348	667.119	663.893	3.226	450	-	450	191.166	104.772	86.148	246	878.734	1.032.082
Galicia	117.816	344.059	342.088	1.971	450	-	450	191.166	104.772	86.148	246	535.674	653.491
Fora de Galicia	35.532	343.060	341.805	1.255	-	-	-	-	-	-	-	343.060	378.591
Prod. cárnicos	55.325	186.722	174.045	12.677	154	-	154	26.350	17.639	3.959	4.752	213.225	268.550
Galicia	34.468	39.195	36.562	2.593	154	-	154	26.350	17.639	3.959	4.752	65.657	100.116
Fora de Galicia	20.857	147.527	137.483	10.084	-	-	-	-	-	-	-	147.527	168.434
Leite de consumo	36.117	195.684	189.454	6.230	4.441	-	4.441	335.552	319.200	14.410	1.942	535.678	571.795
Galicia	30.000	169.792	164.386	5.406	4.441	-	4.441	335.552	319.200	14.410	1.942	509.786	539.786
Fora de Galicia	6.117	25.892	25.068	824	0	-	0	-	-	-	-	25.892	32.009
Derivados lácteos e xeados	22.131	177.900	172.236	5.664	2.147	-	2.147	167.982	100.991	46.348	20.643	348.030	370.160
Galicia	19.990	86.481	82.366	4.114	2.147	-	2.147	167.982	100.991	46.348	20.643	256.610	276.600
Fora de Galicia	2.141	91.419	89.870	1.550	165	-	165	165.018	151.238	13.507	273	91.420	93.560
Alimentos preparados para animais	359.280	12.297	12.105	192	165	-	165	165.018	151.238	13.507	273	177.480	536.760
Galicia	322.958	-	-	-	165	-	165	165.018	151.238	13.507	273	165.163	488.141
Fora de Galicia	36.322	12.297	12.105	192	-	-	-	-	-	-	-	12.297	48.619
Vino e bebidas alcohólicas	237.020	281.171	285.932	15.239	-119	-	-119	31.906	16.025	12.354	3.527	312.958	549.978
Galicia	82.106	71.770	64.539	7.171	-119	-	-119	31.906	16.025	12.354	3.527	103.496	185.602
Fora de Galicia	154.914	209.461	201.393	8.068	0	-	0	-	-	-	-	209.462	364.376
Froitas e hortalizas, prep. e en conserva	3.090	47.200	46.465	735	-22	-	-22	9.685	7.263	1.806	616	56.863	59.953
Galicia	3.090	17.100	16.798	302	-22	-	-22	9.685	7.263	1.806	616	26.764	29.853
Fora de Galicia	-	30.100	29.667	433	-	-	-	-	-	-	-	30.099	30.100
Graxas e aceites vexetais ou animais	123.597	144.292	142.045	2.247	-135	-	-135	66.176	55.886	9.444	846	210.332	333.929
Galicia	48.415	12.944	12.771	174	-135	-	-135	66.176	55.886	9.444	846	76.985	127.599
Fora de Galicia	75.182	131.348	129.274	2.073	-	-	-	-	-	-	-	131.347	206.330
Prod. do muíño, amidóns e amiláceos	78.609	57.692	56.794	898	-9	-	-9	4.291	3.403	795	93	61.976	140.585
Galicia	6.242	1.619	1.583	36	-9	-	-9	4.291	3.403	795	93	5.903	12.144
Fora de Galicia	72.367	56.073	55.211	862	-	-	-	-	-	-	-	56.073	128.441
Outros produtos aliment.	141.543	570.094	557.271	12.823	-32	-	-32	104.311	74.420	21.973	7.918	674.373	815.916
Galicia	76.817	239.186	235.013	4.173	-32	-	-32	104.311	74.420	21.973	7.918	343.465	420.282
Fora de Galicia	64.726	330.908	322.258	8.650	-	-	-	-	-	-	-	330.908	395.634
Total subsector agrogaandeiro	2.521.762	2.897.206	2.822.180	75.026	-21.073	-647	-20.426	1.519.154	1.201.278	276.482	41.394	4.395.288	6.917.049
Galicia	1.781.310	1.326.765	1.291.339	35.425	-27.861	-7.434	-20.427	1.519.153	1.201.277	276.482	41.395	2.818.058	4.599.368
Fora de Galicia	740.451	1.570.441	1.530.841	39.601	6.788	6.788	-	-	-	-	-	1.577.230	2.317.681

Fonte: Elaboración propia CIES-Galicia a partir de IGE, Táboa Input - Output de Galicia 1998



vidade considerados no subsector agrogandeiro. En conxunto, o total de empregos dos distintos grupos considerados ascendeu a 6.917,0 millóns de euros no ano 1998, dos que 4.599,4 millóns de euros corresponden ó conxunto da comunidade galega.

O subsector agrogandeiro ingresa 4.395,3 millóns de euros da produción destinada á demanda final, dos que dúas terceiras partes destínase ó consumo privado final, e a terceira parte restante ás exportacións. Neste último caso, a meirande parte das mesmas teñen como destino o resto do Estado (79,1%), fronte ó 18,2% correspondente á UE e o 2,7% ó resto do mundo.

Se nos centramos na industria agroalimentaria, o devandito **cadro 3.38.** amosa que o total de empregos ascendeu a 4.679,7 millóns de euros, dos que á demanda intermedia corresponden 1.210,1 millóns de euros e á demanda final, 3.469,6 millóns de euros. Do valor total da demanda final, 2.367,2 millóns de euros corresponden ó consumo privado interno final e 1.102,4 millóns de euros ás exportacións. Comparado co valor total do subsector, esta industria representa o 67,7% do total empregos, o 79,9% da demanda final e o 82,3% do gasto privado interno.

Atendendo ó valor das distintas variables reflectidas no devandito cadro, cómpre salienta-la importancia da industria cárnica e láctea. O emprego total na industria cárnica foi de 1.300,6 millóns de euros (o 27,8% do valor total da industria agroalimentaria e o 18,8% do valor total do subsector), dos que 1.092,0 millóns de euros corresponden á demanda final e os 208,7 millóns de euros restantes á demanda intermedia. Da demanda final obtida en 1998, 874,4 millóns de euros teñen a súa orixe no consumo privado interno (gasto en consumo final e formación bruta de capital) e os restantes 217,5 millóns de euros nas exportacións.

Dentro da industria cárnica, salienta o “subsector de carne fresca, refrixerada ou conxelada”. O total de empregos ascendeu a 1.032,1 millóns de euros, dos que 878,7 millóns de euros corresponden á demanda final e 153,3 millóns de euros

á demanda intermedia. Do total da demanda final, corresponderon ó gasto total en consumo final un total de 687,1 millóns de euros, fronte ós 191,2 millóns de euros correspondentes ás exportacións.

No caso da industria de láctea, **cadro 3.38.**, o total empregos ascendeu a 942,0 millóns de euros (o 20,1% do valor total da industria agroalimentaria e o 13,6% do valor total do subsector), dos que a demanda final corresponden 883,7 millóns de euros e á demanda intermedia, 58,2 millóns de euros. Do valor total da demanda final, 380,2 millóns de euros corresponden ó consumo privado interno final e 503,5 millóns de euros corresponden ás exportacións. Comparado co valor total do subsector, esta industria representa o 20,1% da demanda final e o 13,1% do gasto privado interno (o 25,5% e 13,2% da industria agroalimentaria, respectivamente).

Nesta industria cómpre salienta-la importancia do “leite de consumo”, que representa o 12,2% do emprego total da industria agroalimentaria (571,8 millóns de euros) e o 15,4% da demanda final (535,7 millóns de euros). O seu peso relativo no total do subsector agrogandeiro é do 8,3% e 12,2%, respectivamente.

En relación á produción e oferta total a prezos básicos e á oferta total a prezos de adquisición, o **cadro 3.39.** amosa que o valor da oferta total a prezos básicos para o conxunto do sector (valor da produción total máis o das importacións) ascendeu a 5.721,1 millóns de euros en 1998. Se se consideran os custos de distribución e os impostos sobre os produtos, obtense o valor da oferta total a prezos de adquisición, que acada os 6.917,0 millóns de euros.


O devandito **cadro 3.39.** amosa que a oferta total a prezos básicos no conxunto da industria agroalimentaria ascendeu a 3.677,8 millóns de euros, o que representa o 64,3% a oferta total do subsector agrogandeiro. Dentro da industria agroalimentaria, cómpre salienta-la importancia da industria cárnica, que acolle o 26,1% da súa oferta total a prezos básicos, e a industria láctea, co 26,4%.

3.39.

Táboa Input - Output 1998: Matriz de orixe a prezos básicos

	Producción total por productos a prezos básicos	Importacións do resto de España	Importacións do resto da U.E.	Importacións do resto do mundo	Total importacións	Oferta total a prezos básicos	Costes de distribución	IVE sobre os productos	Impostos sobre os productos	Subvencións sobre os productos	Oferta total a prezos de adquisición
(en miles de €)											
Agricultura, gandería, caza e actividades dos servicios relacionados	1.647.384	237.198	58.179	100.537	395.914	2.043.298	216.011	23.025	477	45.470	2.237.341
Productos agrícolas	391.693	234.452	48.272	100.501	383.225	774.918	156.314	18.395	476	14.037	936.065
Productos gandeiros	1.227.838	2.747	9.907	36	12.689	1.240.527	59.697	4.630	0	31.432	1.273.423
Servicios agrícolas e gandeiros	27.853	-	-	-	-	27.853	-	-	-	-	27.853
Industria agroalimentaria	2.397.350	1.123.908	60.830	95.679	1.280.417	3.677.767	807.679	162.201	32.061	-	4.879.708
Carne fresca, refrixerada ou conxelada	508.664	245.977	4.034	1.616	251.627	760.291	226.450	45.334	8	-	1.032.082
Productos cárnicos	82.790	116.025	587	-	116.612	199.401	56.757	12.392	-	-	268.550
Leite de consumo	502.166	26.864	-	-	26.864	529.031	35.111	7.653	-	-	571.795
Derivados lácteos e veados	256.797	51.265	21.903	-	73.167	329.964	31.635	6.561	-	-	370.160
Alimentos preparados para animais	440.676	12.756	2.503	21.863	37.122	477.798	57.207	804	960	-	536.760
Vinho e bebidas alcolhólicas	126.987	200.581	2.877	5.001	208.459	335.446	147.566	38.784	28.183	-	549.978
Froitas e hortaliñas, prep. e en conserva	25.027	16.434	4.372	912	21.718	46.745	10.307	2.861	40	-	59.953
Graxas e aceites vexetais ou animais	122.524	110.528	5.786	49.392	165.706	288.231	34.094	9.458	2.146	-	333.929
Prod. do muíño, amidóns e amiláceos	11.578	108.307	3.471	47	111.825	123.403	13.398	3.782	2	-	140.585
Outros produtos alimenticios	320.141	235.171	15.298	16.847	267.316	587.457	195.154	32.573	732	-	815.916
Total subsector agrogandeiro	4.044.734	1.361.106	119.009	196.216	1.676.331	5.721.065	1.023.690	185.226	32.537	45.470	6.917.049

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, Táboa Input - Output de Galicia 1998



3.40.

Matriz de destino a prezos de adquisición

	Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados	Industria agroalimentaria					Total
		Total agroindustria	Industria cárnica	Industria láctea (en miles de €)	Fabricación de produtos para a alimentación animal	Elaboración de bebidas	
Total de inputs intermedios							
Interior	756.064	1.969.296	416.781	678.854	390.116	146.100	337.446
Resto de España	572.128	1.287.084	387.218	567.050	116.388	91.545	94.882
Resto da UE	144.875	507.994	28.303	95.391	141.543	49.380	193.377
Resto do mundo	22.931	75.147	1.079	15.388	41.899	4.550	12.230
	16.130	129.072	181	1.025	90.286	625	36.956
Remuneración de salariables	75.019	261.174	47.975	38.574	33.151	44.012	97.462
Saldos e salarios brutos	66.489	203.760	37.414	30.063	25.762	34.258	76.263
Cotizacións sociais	8.530	57.415	10.561	8.511	7.389	9.754	21.199
Outros impostos sobre a produción	5.215	12.724	817	760	396	9.414	1.337
Outras subvencións á produción	21.390	4.150	918	575	1.221	300	1.136
Excedente bruto de explotación	249.039	146.507	22.065	34.374	25.626	41.629	22.814
Renda Mixta	686.729	30.682	769	1.675	34	4.315	23.889
Valor engadido bruto a prezos básicos	994.612	446.937	70.708	74.807	57.985	99.071	144.366
Producción a prezos básicos	1.750.676	2.416.233	487.489	753.661	448.101	245.171	481.812


Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, Táboa Input - Output de Galicia 1998

3.41.

Contas económicas de Galicia 1995-2000: VEB, remuneración de asalariados, excedente bruto de explotación e emprego total

	Agricultura, ganadería, caza e activ. servicios relacionados	Industria agroalimentaria					Subsector agroganadero	Sector Industrial	Total Galicia
		Total	Industria cárnica	Industria láctea	Fabric. productos alimentación animal (en miles de €)	Elaboración de bebidas			
Valor engadido bruto									
1995	892.343	61.814	77.592	70.243	73.984	121.931	1.297.907	4.568.512	21.674.488
1996	976.776	72.472	82.231	68.412	82.198	131.944	1.414.033	4.685.170	22.916.004
1997	984.954	69.186	93.351	55.049	86.051	144.990	1.433.581	5.091.594	24.334.825
1998	994.612	70.708	74.807	57.985	99.071	144.366	1.441.549	5.551.771	25.951.450
1999	926.852	74.512	79.591	65.784	104.465	152.995	1.404.199	5.993.423	27.903.826
2000 (P)	863.964	85.319	74.540	70.678	115.621	156.197	1.366.319	6.543.145	30.114.601
Remuneración de asalariados									
1995	75.016	42.824	42.693	29.874	36.937	80.898	308.242	2.525.597	10.831.966
1996	72.878	47.051	43.299	32.270	40.705	87.185	323.388	2.679.160	11.482.080
1997	83.357	44.862	43.083	30.649	42.344	89.484	333.779	2.810.724	12.027.823
1998	75.019	47.975	38.574	33.151	44.012	97.462	336.193	3.038.529	12.834.492
1999	75.071	49.884	41.469	31.254	48.012	107.909	353.599	3.213.451	13.847.925
2000 (P)	74.395	52.164	44.719	33.241	50.495	111.001	366.015	3.500.660	15.096.214
Excedente bruto de explotación									
1995	847.154	19.236	35.357	40.911	36.481	40.584	1.019.723	2.040.645	10.708.867
1996	930.268	25.973	39.653	36.343	40.893	44.788	1.117.918	2.010.007	11.297.202
1997	927.469	25.120	50.588	25.234	43.013	54.971	1.126.395	2.268.683	12.135.607
1998	935.768	22.834	36.048	25.659	54.418	46.703	1.121.430	2.513.292	12.933.862
1999	880.997	24.741	38.023	34.592	55.986	44.840	1.079.179	2.774.227	13.874.051
2000 (P)	818.240	33.197	30.628	38.129	65.604	44.949	1.030.747	3.045.171	14.823.623
Empleo total				(postos de traballo)					
1995	184.449	2.788	1.917	1.657	1.768	8.964	201.543	146.259	972.102
1996	171.962	3.017	1.763	1.697	1.967	8.865	189.271	147.971	969.522
1997	162.185	2.851	1.866	1.509	2.109	9.293	179.813	154.513	980.060
1998	151.645	3.054	1.670	1.618	1.992	10.241	170.220	163.853	997.553
1999	142.465	3.144	1.707	1.505	2.079	10.523	161.423	167.779	1.024.542
2000 (P)	134.503	3.214	1.742	1.546	2.160	10.781	153.946	175.941	1.057.962
Empleo asalariado				(postos de traballo)					
1995	7.824	2.594	1.900	1.523	1.631	7.078	22.550	136.607	654.802
1996	7.065	2.859	1.746	1.578	1.793	6.722	21.763	137.687	661.440
1997	8.339	2.670	1.806	1.382	1.897	7.075	23.169	143.310	680.251
1998	7.284	2.871	1.597	1.483	1.875	7.803	22.913	152.337	708.298
1999	7.346	2.910	1.629	1.374	1.821	8.097	23.177	156.221	742.061
2000 (P)	6.689	3.031	1.703	1.384	1.907	8.374	23.288	165.610	781.123

Fonte: Elaboración CES-Galicia a partir de IGE, Contas económicas de Galicia, serie 1995-2000



O **cadro 3.40.** reflicte a retribución a cada factor de produción que interveñen na actividade económica considerada. No conxunto do subsector agrogandeiro, a produción total a prezos básicos ascendeu en 1998 a 4.166,7 millóns de euros, dos que o 34,6% (1.441,5,0 millóns de euros) corresponden ó valor engadido bruto e o 65,4% (2.725,4 millóns de euros), ó valor dos inputs intermedios utilizados.

No caso dos inputs intermedios, o 67,1% procedían da propia comunidade autónoma, fronte ó 24,0% do resto do Estado. O peso relativo dos inputs intermedios procedentes do resto do mundo é o 5,3% e do resto da UE o 3,6% restante.

Dos 1.441,5 millóns de euros ós que ascende o VEB do sector agrogandeiro, dedicáronse á remuneración de asalariados 336,2 millóns de euros (o 23,3%), mentres que o excedente bruto de explotación (resultado da actividade) acadou os 395,5 millóns de euros (o 27,4% do VEB do sector).

A produción a prezos básicos da industria agroalimentaria ascendeu a 2.416,2 millóns de euros (o 58,0% da produción do subsector agrogandeiro), acadando o seu valor engadido bruto os 446,9 millóns de euros (o 31,0% do sector) e os inputs intermedios os 1.969,3 millóns de euros (o 72,3%). Atendendo ás diferentes actividades industriais, cómpre salientala importancia da industria láctea, onde a súa produción a prezos básicos representa o 31,2% da industria agroalimentaria, e os inputs intermedios o 34,5%.

Finalmente, o **cadro 3.41.** reflicte a evolución dunha serie de variables entre os anos 1995 e 2000. Neste período de tempo, segundo os datos das *Contas económicas de Galicia, serie 1995-2000*, o subsector agrogandeiro presenta unha evolución peor que a rexistrada tanto polo conxunto da economía galega como polo sector industrial. Dunha banda, fronte a crecements superiores ó 38% rexistrados polo conxunto da economía galega e polo sector industrial no caso do VEB, remuneración de asalariados e o excedente bruto de explotación, o subsector agrogan-

deiro experimentou unha medra do 5,3%, 18,7% e 1,1%, respectivamente.

Doutra, o emprego total no subsector agrogandeiro rexistrou unha caída do 23,6% e o emprego asalariado medrou un 3,3%. No conxunto das ramas económicas da economía galega e no sector industrial, a medra do emprego total foi do 8,8% e 20,3%, respectivamente, sendo do 19,3% e 21,2% no caso do emprego asalariado.

No caso concreto da industria agroalimentaria, o valor engadido bruto, a remuneración de asalariados e o excedente bruto de explotación presentan un crecemento superior ó 20%, mentres que o emprego total e o emprego asalariado rexistran medras superiores ó 10%. Atendendo á evolución das diferentes ramas consideradas, o devandito **cadro 3.41.** amosa o seu distinto comportamento.

Dunha banda, cómpre salientalo crecemento da industria cárnica e a de elaboración de bebidas, con crecements do VEB de 38% e 56,3%, respectivamente, e medras do emprego total de 15,3% e 22,2%, respectivamente.

Pola contra, as industrias láctea e a de fabricación e produtos de alimentación animal rexistran, entre 1995 e 2000, unha caída de tódalas variables consideradas agás a da remuneración de asalariados (no caso da fabricación de produtos de alimentación animal o valor engadido permanece practicamente constante).

No caso da industria láctea, o VEB descende no período considerado un 3,9% e o excedente bruto de explotación o fai nun 13,4%, a remuneración de asalariados rexistra unha medra do 4,7%. Asemade, o devandito cadro amosa unha caída do emprego total e do emprego asalariado do 9,1% e do 10,4%, respectivamente.

Na industria de fabricación de produtos de alimentación animal o descenso do emprego total e o emprego asalariado foi do 6,7% e 9,1%, respectivamente, mentres que o EBE descendeu un 6,8% e a remuneración de asalariados rexistrou unha medra do 11,3%.

3.42.

Industria agroalimentaria en Galicia e España 1999 e 2002: empresas segundo grupos de actividade

	Galicia			España			Galicia / España	
	1999	2002	2002-99	1999	2002	2002-99	1999	2002
	(%)							
Industria de productos alimenticios e bebidas (1)	2.533	2.589	56	33.126	32.968	-158	7,6	7,9
Productos alimenticios e bebidas	21		-21	587		-587	3,6	
Industria cárnica	192	210	18	4.328	4.568	240	4,4	4,6
Preparación e conservación de froitas e hortalizas	15	4	-11	1.476	625	-851	1,0	0,6
Fabricación de grasas e aceites (vegetais e animais)	4	4		1.576	1.748	172	0,3	0,2
Industrias lácteas	118	104	-14	1.511	1.693	182	7,8	6,1
Fabricación de prod. de molinería, amidóns e productos amiláceos	114	101	-13	1.013	925	-88	11,3	10,9
Fabricación de productos para a alimentación animal	55	64	9	901	975	74	6,1	6,6
Fabricación doutros productos alimenticios	1.615	1.635	20	16.828	17.273	445	9,6	9,5
Elaboración de bebidas	399	467	68	4.906	5.161	255	8,1	9,0
Total industria	14.002	14.799	797	237.782	247.779	9.997	5,9	6,0
Peso relativo da industria agroalimentaria no total industrial (%)	18,1	17,5		13,9	13,3			
Peso relativo da industria agroalimentaria no total grupos CNAE (%)	1,6	1,6		1,3	1,2			

(1) Industria de productos alimenticios e bebidas agás "Elaboración e conservación de peixes e produtos a base de peixe"
Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Directorio Central de Empresas

Directorio Central de Empresas

No concernente ás empresas agroindustriais, o **cadro 3.42.** reflicte que a industria agroalimentaria galega (industrias de productos alimenticios e bebidas agás "elaboración e conservación de peixes e produtos a base de peixe") está formada no ano 2002 por un total de 2.589 empresas (56 empresas máis que en 1999), o que representa o 17,5% do total das empresas industriais consideradas no *Directorio central de empresas*.

Unha primeira aproximación á importancia deste subsector en Galicia ven dada polo feito de que, comparado co total estatal, as empresas da industria agroalimentaria galega representan o 7,9% das agroindustrias españolas, fronte ó 6,0% do sector industrial ou ó 6,1% do total do sector empresarial.

Atendendo ás diferentes industrias agroalimentarias, o devandito **cadro 3.42.** amosa a importancia relativa das empresas de fabricación de productos de molinería, amidóns e productos amiláceos, que representan o 10,9% das empresas españolas deste subsector, e as industrias de elaboración de bebidas, co 9,0%.


Atendendo ó seu tamaño empresarial, do **cadro 3.43.** pode deducirse que o tamaño medio da industria agroalimentaria é superior ó tamaño medio das empresas galegas. Das 2.589 indus-

trias agroalimentarias galegas do 2002, o 35,0% (907) eran empresas sen asalariados fronte ó 31,0% no sector industrial e ó 50,7% de media no conxunto de Galicia. No caso das empresas con asalariados, o devandito **cadro** reflicte que 806 empresas (o 31,1% das industrias agroalimentarias) tiñan de un a dous asalariados, e 400 industrias (o 15,4%) de tres a cinco asalariados.

Asemade, cómpre salientar que dentro desta industria hai un total de 19 empresas con máis de 100 traballadores, o que representa o 10,3% das empresas industriais con máis de 100 asalariados e o 4,3% no caso das empresas galegas.

Segundo os datos da *Encuesta Industrial de Empresas 2001*, na industria agroalimentaria galega estaban ocupadas un total de 27.422 persoas (575 máis que no ano 1998), o que representa o 16,9% das persoas ocupadas na industria galega. Comparado co total estatal, o **cadro 3.44.** reflicte que a importancia relativa da ocupación agroindustrial galega no total estatal foi do 7,4% no ano 2001, sendo do 6,0% no caso da ocupación industrial. Comparado cos datos do ano 1998, prodúcese un lixeiro aumento da importancia relativa da ocupación no subsector agroindustrial (dúas décimas superior), sendo unha décima inferior no caso da industria no seu conxunto.

Os ingresos de explotación das industrias agroalimentarias ascenderon a 4.954,8 millóns de



3.43.

Industria agroalimentaria en Galicia 1999 e 2002: empresas segundo grupo de actividade e número de asalariados

	1999						2002									
	Sen asalariados	De 1 a 2 asalariados	De 3 a 5 asalariados	De 6 a 9 asalariados	De 10 a 19 asalariados	De 20 a 49 asalariados	De 50 a 99 asalariados	Máis de 100 asalariados	Sen asalariados	De 1 a 2 asalariados	De 3 a 5 asalariados	De 6 a 9 asalariados	De 10 a 19 asalariados	De 20 a 49 asalariados	De 50 a 99 asalariados	Máis de 100 asalariados
Industria de produtos alimenticios e bebidas (1)																
Productos alimenticios e bebidas	18	794	367	173	122	72	20	16	907	806	400	229	141	73	14	19
Industria cármica	36	41	35	24	25	21	8	2	42	47	29	30	34	19	6	3
Preparación e conservación de froitas e hortaliças	3	-	-	4	-	-	-	-	-	1	1	-	1	1	-	-
Fabricación de grasas e aceites (vegetais e animais)	1	-	-	1	-	1	-	-	1	-	-	2	-	1	-	-
Industrias lácteas	52	20	14	12	7	6	2	5	42	17	17	10	7	6	2	3
Fabricación de prod. de molinería, amidóns e produtos amiláceos	97	10	3	2	1	1	-	-	83	9	3	3	1	2	-	-
Fabricación de produtos para a alimentación animal	3	7	8	12	15	6	2	2	3	11	10	13	19	6	1	1
Fabricación doutros produtos alimenticios	542	616	268	95	57	29	4	4	492	610	288	142	60	32	4	7
Elaboración de bebidas	217	94	37	23	15	7	3	3	244	111	52	29	19	6	1	5
Total industria	4.655	3.831	2.013	1.115	1.161	848	211	168	4.590	3.996	2.233	1.251	1.305	982	257	185
Peso relativo da industria agroalimentaria no total industrial (%)	20,8	20,7	18,2	15,5	10,5	8,5	9,5	9,5	19,8	20,2	17,9	18,3	10,8	7,4	5,4	10,3
Peso relativo da industria agroalimentaria no total grupos CNAE (%)	1,1	1,8	2,4	2,8	2,8	3,1	3,9	4,7	1,1	1,7	2,3	3,0	2,9	2,7	2,3	4,3
Industria de produtos alimenticios e bebidas (1)																
Industria cármica	42	47	29	30	34	19	6	3	907	806	400	229	141	73	14	19
Preparación e conservación de froitas e hortaliças	-	1	1	-	1	1	-	-	42	47	29	30	34	19	6	3
Fabricación de grasas e aceites (vegetais e animais)	1	-	-	2	-	1	-	-	-	1	1	-	1	1	-	-
Industrias lácteas	42	17	17	10	7	6	2	3	1	-	-	2	-	1	-	-
Fabricación de prod. de molinería, amidóns e produtos amiláceos	83	9	3	3	1	2	-	-	42	17	17	10	7	6	2	3
Fabricación de produtos para a alimentación animal	3	11	10	13	19	6	1	1	83	9	3	3	1	2	-	-
Fabricación doutros produtos alimenticios	492	610	288	142	60	32	4	7	3	11	10	13	19	6	1	1
Elaboración de bebidas	244	111	52	29	19	6	1	5	492	610	288	142	60	32	4	7
Total industria	4.590	3.996	2.233	1.251	1.305	982	257	185	244	111	52	29	19	6	1	5
Peso relativo da industria agroalimentaria no total industrial (%)	19,8	20,2	17,9	18,3	10,8	7,4	5,4	10,3	4.590	3.996	2.233	1.251	1.305	982	257	185
Peso relativo da industria agroalimentaria no total grupos CNAE (%)	1,1	1,7	2,3	3,0	2,9	2,7	2,3	4,3	19,8	20,2	17,9	18,3	10,8	7,4	5,4	10,3

(1) Industria de produtos alimenticios e bebidas agás "Elaboración e conservación de peixes e produtos a base de peixe"
 Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Directorio Central de Empresas

3.44.

Industria agroalimentaria ⁽¹⁾ en Galicia 1998 e 2001: principais variables das empresas

	Galicia			España			Galicia / España	
	Total industria	Industria agroalimentaria	Ind.agroal. / Total (%)	Total industria	Industria agroalimentaria	Ind.agroal. / Total (%)	Total industria	Industria agroalimentaria
	(en miles de €)			(en miles de €)				
Persoas ocupadas	162.055	27.422	16,9	2.691.707	368.318	13,7	6,0	7,4
Horas traballadas	287.327	48.243	16,8	4.722.145	652.238	13,8	6,1	7,4
Cifra de negocios	25.734.517	4.879.102	19,0	440.574.113	72.585.848	16,5	5,8	6,7
Ingresos de explotación	26.101.295	4.954.830	19,0	448.062.302	73.957.186	16,5	5,8	6,7
Variación de existencias	60.770	48.422	79,7	1.027.970	406.418	39,5	5,9	11,9
Total consumos	17.253.311	3.514.265	20,4	273.103.344	48.318.548	17,7	6,3	7,3
Gastos de persoal	3.430.744	480.914	14,0	68.240.177	8.256.316	12,1	5,0	5,8
Gastos de explotación	24.413.905	4.703.944	19,3	418.823.099	69.540.704	16,6	5,8	6,8

	Galicia			España			Galicia / España	
	Total industria	Industria agroalimentaria	Ind.agroal. / Total (%)	Total industria	Industria agroalimentaria	Ind.agroal. / Total (%)	Total industria	Industria agroalimentaria
	(en miles de €)			(en miles de €)				
Persoas ocupadas	153.825	26.847	17,5	2.516.327	373.411	14,8	6,1	7,2
Horas traballadas	272.155	47.490	17,4	4.434.509	660.134	14,9	6,1	7,2
Ingresos de explotación	20.042.383	4.135.324	20,6	350.920.270	65.820.892	18,8	5,7	6,3
Variación de existencias	158.481	51.338	32,4	1.374.118	363.901	26,5	11,5	14,1
Total consumos	12.504.910	2.936.311	23,5	205.801.552	43.529.137	21,2	6,1	6,7
Gastos de persoal	2.844.897	392.551	13,8	56.278.106	7.395.688	13,1	5,1	5,3
Gastos de explotación	18.705.546	3.959.870	21,2	324.238.013	61.959.360	19,1	5,8	6,4

(1) CNAE 15,16. Alimentación, bebidas e tabaco.
Fonte: INE, Encuesta Industrial de Empresas

euros, o que representa o 19% dos ingresos da industria galega do ano 2001, e o 6,7% dos ingresos de explotación da industria agroalimentaria española. Os gastos de explotación ascenderon a 4.703,9 millóns de euros, o que representa o 19,3% dos gastos de explotación galegos e o 6,8% dos gastos de explotación da industria agroalimentaria española.

O devandito cadro reflicte que os gastos de persoal ascenderon a 480,9 millóns de euros (o 14% dos gastos de persoas da industria galega), sendo o seu peso relativo no total estatal do 5,8%. Comparado co volume total de ingresos de explotación, no ano 2001 representaban o 9,7% dos mesmos fronte ó 9,5% do ano 1998, manténdose no 11,2% no conxunto do Estado.

Indicadores empresariais: Ardán

O subsector agro-gandeiro está constituído, seguindo a metodoloxía empregada polo Ardán (considera as empresas con domicilio social en

Galicia –o que implica deixar fóra algunha empresa importante, polo que as cifras poden presentar algunha distorsión–, das que se teñen datos nos dous últimos anos consecutivos, e que presentan unha facturación superior ós 240.404,84 euros), por un total de 1.213 empresas, sendo o seu emprego medio de 18 traballadores por empresa, segundo os datos facilitados polas mesmas. Estas empresas tiveron uns ingresos de explotación de 5.000,2 millóns de euros (o 12% do total galego) e xeraron un VEB total a custo de factores de 523 millóns de euros (o 6,5%).

O **cadro 3.45.** reflicte que as actividades relacionadas coa de distribución de produtos alimenticios e bebidas son as que engloban o maior número de empresas, con 789 empresas (o 65% das empresas pertencentes ó sector primario), xerando o 67,4% dos ingresos de explotación e o 45,4% do VEB a custo de factores.

No caso das actividades productivas (408 empresas), as 110 empresas de fariñas, pan, doces

Complejo agro-gandeiro 2000: actividades que comprende o grupo

Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio	
(en millóns de €)						
Producción agrícola	23	14,30	5,61	1,74	67,32	14
Producción gandeira	36	40,57	6,89	3,40	31,10	10
Producción avícola	16	58,83	10,46	4,13	25,35	29
Industria cárnica	62	269,87	37,77	8,51	133,29	27
Industria láctea	23	503,18	41,22	14,19	245,23	52
Producción de alimentación animal	31	209,46	28,22	11,76	118,81	19
Fariñas, pan, dulces e pastelerías	110	123,90	46,64	11,41	79,59	19
Fabr. de bebidas con base alcohólica exc. viño	10	73,31	28,82	13,43	65,79	31
Fabricantes de viños e brandy	40	67,51	13,51	6,01	74,64	9
Fabr. de bebidas refrescantes non alcoh. e augas min.	19	140,00	36,22	13,42	123,62	43
Fabricantes doutros produtos alimenticios	38	107,76	24,06	7,67	82,21	23
Distr. xeral maiorista de pdtos. aliment. e bebidas	283	1.546,22	68,54	19,20	546,76	14
Distr. especializada maior. pdtos. aliment. e bebidas	216	978,87	72,54	16,63	352,81	12
Distr. Maiorista de gando e ptos. de granxa	111	238,23	23,08	7,99	107,00	7
Distr. Maiorista de bebidas alcohólicas	31	32,56	4,16	0,59	16,93	7
Distr. detallista de produtos alimenticios e bebidas	148	576,32	69,19	12,48	168,07	30
Servicios para agricultura	10	14,30	4,13	0,85	6,64	24
Servicios para gandeiría	6	5,04	1,97	0,45	4,42	20
Total	1.213	5.000,22	523,04	153,88	2.249,60	18
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%)	9,79	12,03	6,53	6,28	7,06	

Fonte: Ardán

e pastelerías son as que xeran un maior VEB, con 46,6 millóns de euros (o 8,9% do total xerado polo subsector agro-gandeiro), sendo os seus ingresos de explotación de 123,9 millóns de euros, o 2,5% dos ingresos totais do subsector.

Xunto as empresas deste subsector, cómpre salienta-la importancia da industria láctea, onde as 23 empresas consideradas, crean un VEB de 41,2 millóns de euros (o 7,9% do VEB do sector primario), sendo as industrias que presentan, en conxunto, un maior volume de ingresos de explotación, con 503,2 millóns de euros (o 10,1% dos ingresos totais). As 62 empresas pertencentes á industria cárnica, xeran un valor engadido bruto total de 37,8 millóns de euros, o que representa o 7,2% do VEB xerado por este subsector.

O principal **núcleo de localización** segundo ó valor engadido bruto xerado polas empresas, **cadro 3.31.**, é A Coruña cun total de 87,1 millóns de euros, un 13% máis que no ano anterior, seguido de Vigo, cun valor engadido bruto xerado de 78,6 millóns de euros (un 19,3% máis). Comparado co ano anterior, hai que salienta-la evolución seguida polo VEB xerado polo con-

xunto de empresas emprazadas en Pontevedra Lugo, que medra un 32,5% e 23,8%, respectivamente.

A **conta de explotación** agregada das 1.213 empresas pertencentes a este subsector, **cadro 3.47.**, reflicte que no ano 2000 as empresas do complexo agrogandeiro presentaron un crecemento do seu resultado neto do exercicio do 27,8% para situarse nos 81,3 millóns de euros. O resultado antes de impostos medrou un 23,8%, ascendendo a 118,3 millóns de euros.

O resultado de actividades ordinarias medrou no ano 2000 un 11,8% respecto ó ano precedente, para acadalos 103,9 millóns de euros, o que significa o 2,08% dos ingresos de explotación, que medraron un 7,1%. Nese ano, o VEB a custo de factores medrou un 8,2%, polo que a súa importancia relativa no total dos ingresos de explotación, aumenta dende o 10,36% de 1999 ata o 10,46% de 2000.

Xunto a este crecemento do resultado neto do exercicio e do resultado de actividades ordinarias, hai que salientalo importante crecemento do

3.46.

Complexo agro-gandeiro 1999-00: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

Núcleos	1999	2000	00/99
	(en millóns de €)		(%)
A Coruña	77,09	87,13	13,0
Vigo	65,85	78,57	19,3
Arteixo	32,91	31,45	- 4,4
O Porriño	23,26	23,71	1,9
Santiago	22,85	23,27	1,8
Lugo	15,22	18,85	23,8
Pontevedra	11,62	15,39	32,5
Ourense	13,00	14,58	12,2

Fonte: Ardán

3.47.

Evolución da actividade no complexo agro-gandeiro 1999-00: ingresos, custos e resultados

	1999		2000		00/99
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Ingresos de explotación	4.668,83	100	5.000,22	100	7,10
Consumo e outros gastos de explotación	4.185,33	89,64	4.477,18	89,54	6,97
Valor engadido bruto a custo dos factores	483,50	10,36	523,04	10,46	8,18
Gastos de persoal	315,08	6,75	342,71	6,85	8,77
Resultado económico bruto da explotación	168,42	3,61	180,33	3,61	7,07
Amortizacións	71,28	1,53	77,98	1,56	9,40
Resultado económico neto da explotación	97,14	2,08	102,35	2,05	5,36
Resultado financeiro	-4,18	-0,09	1,55	0,03	137,11
Ingresos financeiros	30,93	0,66	44,75	0,89	44,68
Gastos financeiros	35,12	0,75	43,20	0,86	23,02
Resultado de actividades ordinarias	92,96	1,99	103,90	2,08	11,77
Resultado de actividades extraordinarias	2,40	0,05	14,16	0,28	489,21
Resultado antes de impostos	95,36	2,04	118,06	2,36	23,81
Impostos	31,75	0,68	36,76	0,74	15,78
Resultado neto do exercicio	63,61	1,36	81,30	1,63	27,81
Cash-flow	128,76	2,76	153,88	3,08	19,52

Fonte: Ardán

3.48.

Evolución do investimento e do financiamento no complexo agro-gandeiro 1999-00

	1999		2000		00/99
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Activo total	2.010,34	100	2.249,60	100	11,90
Activo fixo (neto)	801,89	39,89	918,32	40,82	14,52
Gastos amortizables	14,12	0,70	19,50	0,87	38,04
Inmobiliado inmaterial	52,59	2,62	54,08	2,40	2,83
Inmobiliado material	541,19	26,92	598,02	26,58	10,50
Outro inmovilizado	193,01	9,60	245,12	10,90	27,00
Outro activo fixo	0,97	0,05	1,60	0,07	64,56
Circulante neto	1.208,46	60,11	1.331,29	59,18	10,16
Existencias	342,53	17,04	369,39	16,42	7,84
Debedores	657,42	32,70	737,71	32,79	12,21
Tesourería	114,30	5,69	125,21	5,57	9,55
Outro activo circulante	94,20	4,69	98,97	4,40	5,06
Fontes de financiamento	2.010,34	100,00	2.249,60	100,00	11,90
Financiamento permanente	898,28	44,68	994,22	44,20	10,68
Fondos propios	611,54	30,42	678,86	30,18	11,01
Recursos alleos l/p	243,96	12,14	263,00	11,69	7,81
Ingresos distribuídos en varios exercicios	42,79	2,13	52,37	2,33	22,40
Acreedores a curto prazo	1.112,06	55,32	1.255,38	55,80	12,89
Fondo de rotación	96,40	4,80	75,91	3,37	-21,26

Fonte: Ardán

3.49.

Complexo agro-gandeiro 1999-00: estudo económico-financeiro

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
2000	5,13	8,26	12,53	26,00	9,35	17,90	1,58	3,08	0,49	1,01	2,37	3,40
1999	4,86	10,90	12,49	26,32	9,09	17,88	1,76	3,16	0,49	0,94	2,37	3,44

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
2000	5,07	6,15	1,82	3,38	2,66	1,84	11,74	15,97	1,71	2,34	2,21	2,49
1999	5,23	6,33	1,92	3,40	2,70	1,85	13,32	17,99	1,71	2,19	2,30	2,59

Fonte: Ardán

resultado de actividades extraordinarias, que aumentan un 489,2% para situarse nos 14,2 millóns de euros, o 0,3% dos ingresos de explotación.

En relación ó estudo do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 3.48**. amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fíxo neto e un 5,7% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 75,9 millóns de euros, un 21,3% inferior ó existente o ano anterior. O 94,3% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 44,2% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 11% respecto ó ano anterior, supoñen o 30,2% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 7,8%, cun peso relativo do 11,7% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 2.249,6 millóns de euros, un 11,9% superior ó valor de 1999, dos que 918,3 millóns de euros corresponden ó activo fíxo neto (un 14,5% supe-

rior ó ano anterior). Os 1.331,3 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 10,2% en relación a 1999.

No que ó **estudo económico e financeiro** se refire, o **cadro 3.49**. reflicte unha aceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un crecemento respecto ós ingresos do VEB, unha medra do peso relativo dos gastos de persoal e o mantemento da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é 3,2 puntos inferior, que no caso da evolución do VEB sobre os ingresos ascende a 13,5 puntos porcentuais.

Ó igual que o acontecido no conxunto das empresas galegas consideradas polo Ardán, as rendibilidades económica e financeira antes de impostos descendén no ano 2000 respecto a 1999. O devandito **cadro 3.49**. amosa que a rendibilidade económica acadou no ano 2000 un 5,1% fronte ó 6,2% da economía galega, en tanto que no caso da rendibilidade financeira antes de impostos, as porcentaxes foron do 11,7% e do

3.50.

Apoio á industria agroalimentaria 1998 e 2000: distribución segundo tipo de industria

	1998	2000	00/98 (en %)
Cárnicas			
Empresas	60	56	
Investimento subvencionado (en €)	34.901.373,91	8.792.807,09	-74,8
Subvención (en €)	15.810.224,42	2.240.573,13	-85,8
Lácteas			
Empresas	41	35	
Investimento subvencionado (en €)	15.705.648,31	9.979.204,98	-36,5
Subvención (en €)	6.978.952,56	1.548.207,18	-77,8
Vitivinícola			
Empresas	50	123	
Investimento subvencionado (en €)	6.935.078,67	7.272.246,47	4,9
Subvención (en €)	2.521.245,78	2.210.522,52	-12,3
Hortofrutícola			
Empresas	32	41	
Investimento subvencionado (en €)	4.197.468,54	4.149.988,58	-1,1
Subvención (en €)	1.479.691,80	1.149.736,16	-22,3
Outras			
Empresas	17	22	
Investimento subvencionado (en €)	912.937,39	6.117.101,20	570,0
Subvención (en €)	447.754,02	2.354.164,42	425,8
Total			
Empresas	200	277	
Investimento subvencionado (en €)	62.652.506,82	36.311.348,32	-42,0
Subvención (en €)	27.237.868,57	9.503.203,41	-65,1

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de estadística agraria*

3.51.

Axudas para a promoción agroalimentaria 1998 e 2000

	1998		2000		00/98	
	Beneficiarios	Subvención (en €)	Beneficiarios	Subvención (en €)	Beneficiarios (en %)	Subvención
Axudas á promoción e comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios	98	1.461.961,94	277	2.117.170,92	182,7	44,8
Axudas a corporacións locais para organización de feiras do sector agroalimentario	12	41.469,84	37	30.033,69	208,3	-27,6
Axuda do programa de leite escolar FEOGA-Garantía	8	552.931,14	-	-		
Axuda complementaria da leite escolar	8	3.005,06	-	-		
Axuda á utilización de aceite de oliva na fabricación de certas conservas FEOGA-Garantía	1.084	12.261.282,53	-	-		
Axuda ó consumo de aceite de oliva FEOGA-Garantía	20	178.280,02	-	-		

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural*, Anuario de estadística agraria


16% no caso das empresas do subsector agrogandeiro e no caso xeral de Galicia, respectivamente.

Axudas á industria e á promoción agroalimentaria

O **cadro 3.50.** reflicte que no ano 2000 un total 277 empresas se favoreceron das medidas de apoio á industria agroalimentaria, ascendendo o volume total da subvención a 9,5 millóns de euros, o que representa o 26,2% do investimento total subvencionado. A industria vitivinícola aco-


lle a 123 das 277 empresas subvencionadas, sendo o montante global da subvención de 2,2 millóns de euros. As 56 empresas cárnicas recibiron unha subvención similar, mentres que a subvención ás 35 empresas lácteas foi de 1,5 millóns de euros.

Comparado co ano 1998, o devandito cadro reflicte que recibiron axudas 77 empresas máis, mentres que o investimento subvencionado descendeu un 42% (26,3 millóns de euros menos) e as subvención caeron un 65,1% (17,7 millóns de euros).



Atendendo á distribución segundo industrias, cómpre salientar que o investimento subvencionado descendeu no caso das empresas das industrias cárnicas, lácteas e hortofrutícolas, mentres que creceu no caso da industria vitivinícola e nas industrias englobadas en “outras industrias”. Asemade, o devandito **cadro 3.50.** amosa un descenso da contía da subvención en tódalas industrias agás nas de “outras industrias”, e que o número de empresas que recibiron axudas medrou no caso da industria vitivinícola e de “outras empresas”.

Outro tipo de axudas ó sector agrario son as axudas á promoción agraria, que no ano 2000 abrangue a 314 beneficiarios e 2.147,2 miles de euros. A axuda máis importante é a de promoción e comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos, con 277 beneficiarios e 2.117,2 miles de euros (**cadro 3.51.**) ■



3.5

COMERCIO EXTERIOR



A análise do sector exterior parte da delimitación do concepto do sector exterior. Dunha banda, a táboa *input-output* de Galicia segue o criterio de tratamento homoxéneo de tódolos fluxos exteriores, independentemente de que teñan a súa orixe ou destino no resto do Estado, na Unión Europea ou no resto do mundo. Doutra, segundo a metodoloxía seguida polo ICEX, os fluxos comerciais considerados son aqueles que entran ou saen de España.

Atendendo ós datos da *táboa input-output de Galicia 1998*, o saldo da balanza comercial do subsector agrogandeiro presentou un resultado negativo de 157,2 millóns de euros. No caso da relación comercial co resto de España o déficit ascendeu a 159,8 millóns de euros, sendo de 154,8 millóns de euros no caso do saldo co resto do mundo. Pola contra, a balanza comercial destes produtos coa Unión Europea presenta un superávit de 157,5 millóns de euros.

Atendendo á desagregación segundo produtos, cómpre salientar que fronte ó saldo negativo do comercio exterior destes produtos, hai

catro grandes partidas que presentan un superávit no ano 1998: a correspondente ós produtos gandeiros, con 319,8 millóns de euros, as de leite de consumo e derivados de leite e xeados, con 308,7 e 94,8 millóns de euros, respectivamente, e a dos alimentos preparados, con 127,9 millóns de euros. Pola contra, entre as partidas cun saldo negativo, destacan a dos produtos agrícolas e a de viño e bebidas alcohólicas, con 299,0 e 176,6 millóns de euros.

En relación ás exportacións de produtos agrogandeiros, en 1998 o seu valor ascendeu a 1.519,2 millóns de euros, dos que o 79,1% corresponderon ás exportacións galegas ó resto de España (1.201,3 millóns de euros), e un 18,2% ás exportacións cara á UE (276,5 millóns de euros). Comparado co valor total das exportacións galegas, o **cadro 3.52** amosa que a súa importancia relativa foi do 11,9%, sendo do 14,2% no caso das exportacións agrogandeiras ó resto de España e do 8,4% no das exportacións á UE.

Atendendo á desagregación nos diferentes produtos, o devandito cadro amosa o papel pre-

3.52.

Táboa input output de Galicia 1998: Exportacións e importacións

	Exportacións			Total
	Ó resto de España	Ó resto da UE	Ó resto do mundo	
	(miles de €)			
Productos agrícolas	46.518,3	37.213,1	491,4	84.222,7
Productos gandeiros	303.922,6	28.524,7	47,3	332.494,5
Carne fresca, refrixerada ou conxelada	104.771,5	86.148,0	245,8	191.165,4
Productos cárnicos	17.638,5	3.958,8	4.751,6	26.348,9
Leite de consumo	319.200,1	14.410,5	1.942,4	335.553,0
Derivados lácteos e xeados	100.991,2	46.348,2	20.643,0	167.982,4
Alimentos preparados para animais	151.238,1	13.507,2	272,7	165.018,0
Viño e bebidas alcohólicas	16.024,6	12.353,6	3.527,0	31.905,2
Froitas e hortalizas, prep. e en conserva	7.262,8	1.806,1	616,3	9.685,2
Graxas e aceites vexetais ou animais	55.885,9	9.443,8	845,9	66.175,6
Prod. do muiño, amidóns e amiláceos	3.403,4	795,4	93,2	4.292,1
Outros produtos alimenticios	74.419,9	21.972,9	7.918,3	104.311,2
Agrogandeiro	1.201.277,0	276.482,2	41.395,0	1.519.154,2
Galicia	8.444.186,9	3.277.516,7	1.006.471,1	12.728.174,7
Agrogandeiro / Galicia	14,2	8,4	4,1	11,9

	Importacións			Total
	Ó resto de España	Ó resto da UE	Ó resto do mundo	
	(miles de €)			
Productos agrícolas	234.451,7	48.272,0	100.501,3	383.225,0
Productos gandeiros	2.746,8	9.906,5	35,6	12.688,9
Carne fresca, refrixerada ou conxelada	245.976,7	4.034,2	1.616,1	251.627,1
Productos cárnicos	116.024,9	586,6	-	116.611,5
Leite de consumo	26.864,4	-	-	26.864,4
Derivados lácteos e xeados	51.264,7	21.902,6	-	73.167,3
Alimentos preparados para animais	12.756,5	2.502,8	21.863,1	37.122,5
Viño e bebidas alcohólicas	200.581,5	2.876,6	5.000,7	208.458,8
Froitas e hortalizas, prep. e en conserva	16.434,0	4.371,5	912,5	21.718,1
Graxas e aceites vexetais ou animais	110.527,7	5.786,1	49.392,5	165.706,3
Prod. do muiño, amidóns e amiláceos	108.306,7	3.471,2	47,0	111.825,0
Outros produtos alimenticios	235.170,5	15.298,1	16.847,4	267.316,0
Agrogandeiro	1.361.106,1	119.008,6	196.216,2	1.676.331,0
Galicia	11.169.778,4	2.781.461,8	1.290.657,0	15.241.897,2
Agrogandeiro / Galicia	12,2	4,3	15,2	11,0

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos IGE, Táboa Input-Output de Galicia 1998

dominante das exportacións de leite de consumo e dos produtos gandeiros, que representan, en conxunto, o 44,0% do valor total das exportacións de produtos agrogandeiros. Esta supremacía prodúcese no caso das exportacións ó resto de España, onde representan o 51,9% do valor total das exportacións ó resto de España, mentres que no conxunto das exportacións á UE representan o 15,5% do seu valor e no caso das vendas ó resto do mundo significan o 4,8%.

En relación ás importacións destes produtos, o devandito **cadro 3.52.** reflicte que no ano 1998 o seu valor foi de 1.676,3 millóns de euros (o 11,0% das importacións galegas), dos que 1.361,1 millóns (o 12,2%) corresponderon ás importacións procedentes do resto de España, 196,2 millóns de euros (un 15,2%) ás importa-

cións do resto do mundo, e os 119,0 millóns de euros restantes (o 4,3%) ás importacións procedentes da UE.

En relación ás diferentes partidas importadoras, cómpre salienta-la dos produtos agrícolas, que representan o 22,9% do valor total das importacións do subsector agrogandeiro (o 51,2% das compras provintes do resto do mundo). Séguenlle en importancia as importacións de carne fresca, refrixerada ou conxelada, e as importacións de viño e bebidas alcohólicas, que representan o 15,0% e 12,4%, respectivamente, do valor total das importacións agrogandeiras. Atendendo á orixe destes produtos, o **cadro 3.52.** reflicte que estas tres partidas representan aproximadamente a metade do valor total das importacións provintes das tres zonas consideradas.

3.53.

Exportacións e importacións do subsector agroganreiro en Galicia 1999-2001: distribución segundo capítulos

	Exportacións			Importacións		
	1999	2000	2001	1999	2000	2001
	(millóns de <E>)					
Animais vivos	28,8	33,7	36,0	8,4	8,7	10,1
Productos cárnicos	86,7	106,0	107,2	2,7	5,4	4,0
Leite e prod. lácteos; ovos de ave; mel natural; prod. comestibles de orixe animal non expresados nin comprendidos noutros capítulos	63,0	79,8	103,5	14,6	21,9	24,6
Resto de produtos de orixe animal	5,8	5,5	6,0	1,3	3,3	3,6
Plantas vivas e prod. de floricultura	1,2	1,9	2,0	5,6	5,4	6,2
Legumes e hortalizas, plantas, raíces e tubérculos alimenticios	6,8	3,6	5,9	9,7	10,1	8,8
Froitos comestibles; cortezas de agrios ou de melóns	27,2	20,3	20,7	15,8	22,2	21,7
Café, té, mate e especias	2,7	2,2	2,3	1,5	1,5	1,3
Cereais	0,7	0,8	0,9	59,4	52,9	72,2
Productos da molinería; malta; almidón e fécula; inulina; gluten de trigo	0,2	0,2	0,6	0,9	1,1	1,7
Sementes e froitos oleaxinosos; semillas e froitos diversos; plantas industriais ou medicinais; palla e forraxe	0,2	1,1	0,3	48,3	70,4	96,5
Gomas, resinas e demais zumes e extractos vexetais	12,8	12,0	16,0	0,2	0,3	0,3
Materias trenzables e demais produtos de orixe vexetal, non expresados nin comprendidos noutros partidas	0,0	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2
Grasas e aceites animais ou vexetais; produtos do seu desdobraemento; grasas alimenticias elaboradas; ceras de orixe animal ou vexetal	9,8	11,3	17,6	4,8	7,1	7,4
Preparacións de carne	4,6	6,1	5,1	0,5	0,3	0,5
Sucres e artigos de confitería	3,0	3,8	3,3	11,7	10,8	6,0
Cacao e as súas preparacións	1,7	1,4	1,7	1,6	0,8	0,5
Prep. a base de cereais, fariña, almidón, fécula ou leite; produtos de pastelería.	7,1	8,1	9,3	2,4	3,8	3,9
Preparacións de legumes ou hortalizas, de froitos ou doutras partes de plantas	1,8	2,1	2,1	3,0	3,6	2,6
Preparacións alimenticias diversas	1,2	1,5	1,7	1,5	1,1	1,4
Bebidas, líquidos alcohólicos e vinagre	25,6	27,6	58,4	3,7	3,9	3,7
Residuos e desperdicios das industrias alimentarias; alimentos preparados para animais	19,7	22,4	24,0	95,7	115,1	114,3
Tabaco e sucedáneos do tabaco elaborados	12,6	21,1	15,6	0,1	0,0	0,0
Subsector agroganreiro	323,0	372,7	440,3	293,4	349,8	391,4
Total sector exterior	6.011,1	8.298,6	9.270,5	6.599,9	8.895,7	9.372,8
Peso relativo do subsector agroganreiro no total galego (%)	5,4	4,5	4,7	4,4	3,9	4,2

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do ICEX

3.54.

Exportacións e importacións do subsector agroganreiro en España 1999-2001: distribución segundo capítulos

	Exportacións			Importacións		
	1999	2000	2001	1999	2000	2001
	(millóns de <E>)					
Animais vivos	237,6	344,0	286,9	405,2	417,9	283,2
Productos cárnicos	1.032,0	1.246,7	1.378,7	683,6	729,7	667,7
Leite e prod. lácteos; ovos de ave; mel natural; prod. comestibles de orixe animal non expresados nin comprendidos noutros capítulos	425,4	531,7	700,1	895,2	1.030,8	1.173,9
Resto de produtos de orixe animal	61,2	55,0	76,0	84,9	95,2	81,2
Plantas vivas e prod. de floricultura	187,4	190,5	205,0	135,1	146,4	161,2
Legumes e hortalizas, plantas, raíces e tubérculos alimenticios	2.489,0	2.698,0	3.015,4	595,9	648,1	675,0
Froitos comestibles; cortezas de agrios ou de melóns	3.376,0	3.560,2	3.719,4	775,9	736,8	872,7
Café, té, mate e especias	125,7	132,8	139,9	481,2	454,3	380,8
Cereais	261,6	264,9	375,8	1.002,5	991,6	1.136,8
Productos da molinería; malta; almidón e fécula; inulina; gluten de trigo	115,4	124,3	135,9	63,3	65,0	99,9
Sementes e froitos oleaxinosos; semillas e froitos diversos; plantas industriais ou medicinais; palla e forraxe	84,5	99,5	127,8	1.036,0	1.039,7	1.168,3
Gomas, resinas e demais zumes e extractos vexetais	101,2	113,7	131,6	95,9	63,5	56,9
Materias trenzables e demais produtos de orixe vexetal, non expresados nin comprendidos noutros partidas	5,0	6,1	6,8	24,0	20,4	18,1
Grasas e aceites animais ou vexetais; produtos do seu desdobraemento; grasas alimenticias elaboradas; ceras de orixe animal ou vexetal	952,9	1.174,6	1.210,4	557,3	331,2	358,4
Preparacións de carne	136,2	167,2	185,6	103,0	100,3	121,5
Sucres e artigos de confitería	393,8	505,4	474,9	403,0	388,6	463,8
Cacao e as súas preparacións	142,9	152,3	168,9	273,7	281,3	297,9
Prep. a base de cereais, fariña, almidón, fécula ou leite; produtos de pastelería.	326,2	375,1	506,7	401,4	459,2	532,2
Preparacións de legumes ou hortalizas, de froitos ou doutras partes de plantas	1.220,0	1.317,1	1.329,4	466,7	462,9	488,8
Preparacións alimenticias diversas	411,2	465,1	558,6	649,5	684,3	707,9
Bebidas, líquidos alcohólicos e vinagre	1.713,9	1.713,7	1.963,0	1.098,9	1.178,6	1.385,5
Residuos e desperdicios das industrias alimentarias; alimentos preparados para animais	197,3	218,0	256,6	815,8	927,4	967,0
Tabaco e sucedáneos do tabaco elaborados	130,3	143,0	156,9	782,7	938,8	1.181,9
Subsector agroganreiro	14.126,5	15.598,5	17.110,2	11.830,3	12.192,2	13.280,7
Total sector exterior	104.788,6	124.177,3	128.672,0	139.093,7	169.468,1	171.690,8
Peso relativo do subsector agroganreiro no total estatal (%)	13,5	12,6	13,3	8,5	7,2	7,7

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do ICEX

3.55.

Saldo comercial do subsector agrogandeiro en Galicia e España 1999-2001: distribución segundo capítulos

	Galicia			España		
	1999	2000	2001	1999	2000	2001
	(millóns de €)					
Animais vivos	20,4	25,0	25,9	-167,5	-73,9	3,7
Productos cárnicos	84,0	100,6	103,3	348,4	517,0	711,0
Leite e prod. lácteos; ovos de ave; mel natural; prod. comestibles de orixe animal non expresados nin comprendidos noutros capítulos	48,5	57,9	78,9	-469,9	-499,2	-473,9
Resto de produtos de orixe animal	4,5	2,2	2,4	-23,6	-40,2	-5,3
Plantas vivas e prod. de floricultura	-4,4	-3,5	-4,2	52,2	44,1	43,8
Legumes e hortalizas, plantas, raíces e tubérculos alimenticios	-3,0	-6,4	-2,9	1.893,0	2.049,9	2.340,4
Froitos comestibles; cortezas de agrios ou de melóns	11,4	-1,9	-1,0	2.600,1	2.823,4	2.846,6
Café, té, mate e especias	1,2	0,6	1,0	-355,4	-321,4	-241,0
Cereais	-58,7	-52,1	-71,3	-740,8	-726,7	-761,0
Productos da molinería; malta; almidón e fécula; inulina; gluten de trigo	-0,7	-0,9	-1,1	52,1	59,2	36,0
Sementes e froitos oleaxinosos; sementes e froitos diversos; plantas industriais ou medicinais; palla e forraxe	-48,0	-69,3	-96,1	-951,5	-940,2	-1.040,5
Gomas, resinas e demais zumes e extractos vexetais	12,6	11,6	15,7	5,3	50,2	74,7
Materias trenzables e demais produtos de orixe vexetal, non expresados nin comprendidos noutros capítulos	-0,1	0,0	-0,1	-18,9	-14,4	-11,2
Grasas e aceites animais ou vexetais; produtos do seu desdoblamento; grasas alimenticias elaboradas; ceras de orixe animal ou vexetal	5,0	4,1	10,2	395,6	843,4	851,9
Preparacións de carne	4,2	5,8	4,6	33,2	66,9	64,1
Sucres e artigos de confitería	-8,7	-7,0	-2,7	-9,2	116,8	11,2
Cacao e as súas preparacións	0,1	0,7	1,1	-130,8	-129,1	-129,0
Prep. a base de cereais, fariña, almidón, fécula ou leite; produtos de pastelería.	4,6	4,4	5,4	-75,2	-84,1	-25,4
Preparacións de legumes ou hortalizas, de froitos ou doutras partes de plantas	-1,2	-1,5	-0,5	753,2	854,2	840,6
Preparacións alimenticias diversas	-0,3	0,3	0,3	-238,2	-219,3	-149,3
Bebidas, líquidos alcohólicos e vinagre	21,9	23,8	54,7	615,0	535,1	577,6
Residuos e desperdicios das industrias alimentarias; alimentos preparados para animais	-76,0	-92,7	-90,3	-618,5	-709,4	-710,4
Tabaco e sucedáneos do tabaco elaborados	12,5	21,1	15,6	-652,5	-795,9	-1.025,0
Subsector agrogandeiro	29,6	22,9	48,9	2.296,2	3.406,3	3.829,5
Saldo total da balanza comercial	-588,8	-597,1	-102,3	-34.305,1	-45.290,8	-43.018,8

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do ICEX

Doutra banda, segundo a metodoloxía seguida polo ICEX, os fluxos comerciais considerados son aqueles que entran ou saen de España. No ano 2001, o **cadro 3.53.** amosa que o valor total das exportacións e importacións agrogandeiras ascendeu en Galicia a 440,3 e 391,4 millóns de euros, respectivamente, polo que o saldo da balanza comercial acadou un valor positivo de 48,9 millóns de euros. Comparado co total estatal, o valor das exportacións e importacións representan nese último ano o 2,6% e 2,9%, respectivamente.

Atendendo ás exportacións do subsector agrogandeiro, o **cadro 3.53.** amosa tamén que no período 1999-2001 se rexistra unha caída do seu peso relativo no total das exportacións galegas, pasando do 5,4% do ano 1999 ós 4,7% do ano 2001. O valor total das exportacións deste subsector acadou os 440,3 millóns de euros no ano 2001 fronte ós 323,0 millóns de euros no ano 1999.

Comparado co total estatal, o **cadro 3.56.** reflicte que a importancia relativa das exportacións galegas de produtos agrogandeiros medrou ó longo dos tres anos considerados, pasando dos 2,3% de 1999 ós 2,4% do 2000 e ós devanditos 2,6% do ano 2001.

Atendendo á desagregación segundo capítulos, cómpre salientala importancia dos capítulos 02 (Productos cárnicos) e 04 (Leite e produtos lácteos; ovos de ave; mel natural; produtos comestibles de orixe animal non expresados nin comprendidos noutros capítulos), que acollen en conxunto o 47,9% do valor total das exportacións agrogandeiras e o 2,3% das exportacións galegas.

Doutra banda, os capítulos 02 e 04 son os que presentan o maior incremento no que o valor das exportacións se refire, pasando dos 86,7 millóns de euros de 1999 ós 107,2 millóns do ano 2001 no caso dos produtos cárnicos, e dos 63 millóns de euros ós 103,5 millóns de

3.56.

Balanza comercial agraria 1999-2001: distribución segundo grandes grupos

	Exportacións			Importacións			Saldo comercial		
	1999	2000	2001	1999	2000	2001	1999	2000	2001
	(en millóns de €)								
Galicia	642,7	793,8	765,0	585,5	711,4	745,8	57,2	82,3	19,2
Productos agrolimentarios (agás pesca)	323,0	372,7	440,3	293,4	349,8	391,4	29,6	22,9	48,9
Productos forestais	319,6	421,1	324,7	292,1	361,7	354,4	27,6	59,4	-29,7
España	16.851,6	19.197,5	20.764,8	16.791,7	18.181,7	19.053,6	59,9	1.015,8	1.711,2
Productos agrolimentarios (agás pesca)	14.126,5	15.598,5	17.110,2	11.830,3	12.192,2	13.280,7	2.296,2	3.406,3	3.829,5
Productos forestais	2.725,1	3.599,0	3.654,6	4.961,4	5.989,6	5.772,9	-2.236,2	-2.390,6	-2.118,4
	(%)								
Galicia / España	3,8	4,1	3,7	3,5	3,9	3,9			
Productos agrolimentarios (agás pesca)	2,3	2,4	2,6	2,5	2,9	2,9			
Productos forestais	11,7	11,7	8,9	5,9	6,0	6,1			

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de ICEX

euros no caso dos produtos englobados no capítulo 04.


En relación ás importacións de produtos agrogandeiros, o seu valor medrou entre os anos 1999 e 2001 dende os 293,4 millóns de euros ós 391,4 millóns de euros do 2001. A súa importancia relativa no total das exportacións galegas, descende dende o 4,4% do ano 1999 ós 4,2% do ano 2001.

A diferenza do acontecido no caso das exportacións, o **cadro 3.56.** amosa que o peso relativo das importacións agrogandeiras no total estatal mantense constante no ano 2001 no 2,9%, catro décimas máis que o rexistrado no ano 1999.


Atendendo á desagregación segundo capítulos, os capítulos 23 (Residuos e desperdicios das industrias alimentarias; alimentos preparados para animais) e 12 (Sementes e froitos oleaxinosos; sementes e froitos diversos; plantas industriais ou medicinais; palla e forraxe), con 114,3 e 96,5 millóns de euros, respectivamente, son os que presentan o valor máis elevado. Entre os dous capítulos acollen o 2,2% das importacións galegas e o 53,9% das importacións do subsector considerado.

En relación ó valor das importacións españolas dos diferentes capítulos, cómpre salienta-la

importancia dos devanditos capítulos 23 e 12, que representan o 11,8% e o 8,3% do valor total das importacións destes capítulos. ■



O SUBSECTOR AGROGANDEIRO NO CONTEXTO EUROPEO



Obxectivo deste capítulo é presenta-la análise comparada da evolución do subsector agrogandeiro en Galicia e na Unión Europea.

Para o estudo da mesma teranse en conta os datos recollidos nos Anuarios estatísticos agrarios da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural correspondentes ós anos 1996, 1998 e 2000.

O **cadro 3.57** reflicte un resume das principais variables agrogandeiras: poboación ocupada, Utilización da terra, producións agrícolas e gandeiras, censo gandeiro e finalmente, prezos agrarios (no **anexo II** recóllense os valores para Galicia e os 15 países da Unión das variables consideradas).

No concernente ós **factores de produción**, o devandito **cadro 3.57** amosa, dunha banda, que a poboación ocupada galega entre os anos 1996 e 2000 experimentou un descenso moi superior ó rexistrado no conxunto da UE-15. A caída da mesma en Galicia foi do 30,5% fronte ó 6,2% da Unión Europea, descendendo o peso relativo da

poboación ocupada galega no sector primario (agás pesca) no total europeo do 2,9% do ano 1996 ó 2,1% de 2000.

Doutra, a superficie galega representa o 0,9% da superficie da UE-15, fronte ó 0,5% que supón a superficie agraria útil e ó 1,8% da superficie forestal da Unión. Asemade, cómpre salientar que no período 1997-2000 Galicia experimenta unha caída da superficie de produción dos cinco produtos agrarios considerados fronte ó acontecido na UE-15, onde a produción de cereais (agás arroz) permanece constante e a de millo gran rexistra unha medra próxima ó 2%. Atendendo ó peso relativo da produción galega no total europeo, cómpre salientalo descenso rexistrado no caso do millo gran e do centeo, que cae dende o 2,0% e 1,7% de 1997 ós 0,7% e 0,5% de 2000, respectivamente.

Centrándose na **actividade agrícola**, a produción agraria descende na meirande parte dos produtos galegos considerados (tan só medra a produción de trigo, que pasa dos 57 miles de toneladas de 1997 ós 61 miles de toneladas do

3.57.

Principais variables agrogandeiras en Galicia e EU-15 1996-97 e 2000

	2000		1996		96/00	
	Galicia	UE-15	Galicia	UE-15	Galicia	UE-15
	<i>(en miles de persoas)</i>		<i>(en miles de UTA)</i>		<i>(%)</i>	
Poboación ocupada	141,1	6568,3	203,1	7005,3	-30,5	-6,2
	2000		1997		97/00	
	Galicia	UE-15	Galicia	UE-15	Galicia	UE-15
	<i>(en miles de hectáreas)</i>					
Utilización da terra	<i>(%)</i>					
Superficie						
Total	2.948	317.664	2.948	323.619	0,0	
Agraria útil	693	131.669	910	16.955	-23,8	
Forestal	1.952	107.318	1.818		7,4	
Cultivos						
Cereais (agás arroz)	62	37.533	137	37.335	-55,0	0,5
Trigo	22	14.261	28	16.955	-23,2	-15,9
Orxo	1	10.760	2	11.387	-31,3	-5,5
Millo gran	30	4.266	84	4.188	-64,0	1,9
Centeo	7	1.246	22	1.330	-70,9	-6,3
	<i>(en miles de toneladas)</i>					
Producción agraria						
Cereais (agás arroz)	206	214.492	360	203.869	-42,8	5,2
Trigo	61	95.707	57	16.955	7,0	464,5
Orxo	2	51.619	4	52.769	-50,0	-2,2
Millo gran	119	38.729	264	35.162	-54,9	10,1
Centeo	14	5.426	34	5.732	-58,8	-5,3
Pataca	448	48.831	899	49.842	-50,2	-2,0
Produccións gandeiras						
Bovino	88,4	7.393,6	54,2	7.950,5	63,1	-7,0
Porcino	94,3	17.563,9	60,5	16.317,0	55,9	7,6
Ovino-Cabrán	0,8	1.214,2	0,5	1.127,2	60,0	7,7
Leite	2.181,1	114.399,4	2.137,1	113.529,1	2,1	0,8
Contido real en graxa (%)	3,80	4,03				
Contido real en proteína (%)	3,16	3,30	3,15	3,30		
	Decembro 2000		Decembro 1996		96/00	
	Galicia	UE-15	Galicia	UE-15	Galicia	UE-15
	<i>(en miles de cabezas)</i>					
Censo Gandeiro	<i>(%)</i>					
Gando bovino	1.016	82.388	1.013	84.064	0,3	-2,0
<1 ano	198	24.196	194	24.400	2,1	-0,8
1-2 anos	138	17.256	106	18.075	30,2	-4,5
>2 anos	679	40.936	713	41.439	-4,8	-1,2
Vacas leite	432	21.156	473	22.095	-8,7	-4,2
Vacas carne	234	11.992	239	11.518	-2,1	4,1
Gando porcino-reprodutores						
Verróns	4	376	4	433	0,0	-13,2
Cubertas 1ª vez	9	1.484	12	1.555	-25,0	-4,6
Porcas cubertas	73	8.589	75	7.904	-2,7	8,7
Non cubertas	23	4.008	27	4.038	-14,8	-0,7
Gando porcino-cebo						
Leitóns <20 kg	331	33.224	346	31.686	-4,3	4,9
Porcos 20-49 kg	217	30.717	237	28.956	-8,4	6,1
Porcos >50 kg	567	47.356	272	43.605	108,5	8,6
	2000		1997		97/00	
	Galicia	UE-15	Galicia	UE-15	Galicia	UE-15
	<i>(en €/100 kg)</i>					
Prezos agrícolas e gandeiros	<i>(%)</i>					
Trigo brando	26,14	11,14	25,93	13,81	0,8	-19,3
Pataca consumo	16,49	14,06	17,35	12,71	-5,0	10,6
Leite (1) (2)	26,78	26,20	27,64	29,50	-3,1	-11,2
Gando vacún (3)	209,70	-	235,73	-	-11,0	
Porcino (4)	117,57	123,85	135,75	137,63	-13,4	-10,0
Polos (5)	98,88	-	117,66	99,56	-16,0	

(1) No ano 2000 corresponde ó prezo do leite cru de vaca con 3,7% en materia graxa


(2) No ano 1996 corresponde ó prezo do leite cru de vaca contido real en materia graxa

(3) Prezo do peso vivo. Becerras menores dun ano

(4) Prezo do peso vivo. Porcino lixeiro inferior 80Kg canal

(5) Prezo do peso sen patas nin cabeza. Clase A

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estadística Agraria*



2000). Comparado co total europeo, cómpre salienta-la importancia da pataca, aínda que o seu peso relativo cae dende o 1,8% de 1997 ó 0,9% de 2000.

En relación ós **prezos agrarios**, o devandito **cadro 3.57**. amosa un descenso no caso da pataca para consumo (5,0%) e unha medra do 0,8% no caso do trigo brando. Pola contra, na UE-15, o prezo do trigo brando descende un 19,3% e o da pataca para consumo medra un 10,6%.

No concernente á **actividade gandeira**, os datos dos censos gandeiros de 2000 e 1996 amosan que o peso relativo do gando bovino e porcino galego no total estatal permanece constante. A súa importancia relativa acada os 1,2% e 0,9%, respectivamente. No caso das vacas, tanto de leite como de carne, o seu peso relativo pasa do 2,1% ó 2,0% de 2000.

Os **prezos gandeiros** descenden en Galicia tanto no caso do leite (3,1%), como no de gando vacún (11,0%), porcino (13,4%) e polos (16,0%). Na UE-15, os datos dispoñibles amosan o descenso do leite (11,2%) e do porcino (10,0%). ■

